

**ACTA Nº 1/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2018  
DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2018/1.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. M<sup>a</sup> JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

**SECRETARIO:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. EVA MARÍA CASAL SANJURJO. INTERVENTORA.

## ÍNDICE:

- 1.- Expediente 375/2018. Aprobación, se procede, das actas nº 17/2017 da sesión extraordinaria e urxente do día 26 de decembro, e nº 18/2017 da sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro..... Páx.3
- 2.- Expediente 374/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 26 01 2018..... Páx. 3
- 3.- Expediente 4082/2017. Expediente dos Convenios Urbanísticos para a execución de planeamento para a obtención anticipada de terreos dotacionais necesarios para construción da glorieta situada na intersección da Avda. Xosé Cufíña-Avda. Monserrat..... Páx. 11
- 4.- Expediente 5964/2017. Comparecencia do Sr. Alcalde, a petición propia, aprobada no Pleno celebrado o día 29 12 2017, en relación á solicitude dunha auditoría sobre problemas en varios edificios municipais..... Páx. 13
- 5.- Expediente 5962/2017. Comparecencia do Sr. Alcalde, a petición do PP, aprobada no Pleno celebrado o día 29 12 2017, polo derrubo da ponte de Bustelos e o expediente que se tramitou para a contratación de dita obra..... Páx. 22
- 6.- Expediente 280/2018. Moción do Grupo de Goberno en relación coa expropiación fallida por parte do Concello dunha parcela en Penarredonda (Monte Comunal de Bermés)..... Páx. 27
- 7.- Expediente 278/2018. Moción do PP para esixir ao Goberno a inclusión no Plan Concellos 2018 de todas as iniciativas propostas que foron aprobadas en sesión plenaria e que están a acometer..... Páx. 32
- 8.- Expediente 279/2018. Moción do PP solicitando á Xunta e á Sociedade de Caza e Pesca de Lalín que continúen cas accións de Control da Fauna Salvaxe para minimizar os danos causados en cultivos e praderías..... Páx. 37
- 9.- Expediente 193/2018. Moción do concelleiro non adscrito sobre a publicidade do contrato celebrado polo Concello coa empresa Acciona..... Páx. 40
- 10.- Expediente 232/2018. Moción do concelleiro non adscrito relativa as medios da empresa Acciona postos a disposición no contrato celebrado co Concello..... Páx. 44
- 11.- Expediente 233/2018. Moción do concelleiro non adscrito relativa ao profesorado de trompa e trompeta do conservatorio..... Páx. 47
- 12.- Expediente 252/2018. Moción do concelleiro non adscrito relativa ao incremento da vixilancia e seguridade nas instalacións do antigo colexio Manuel Rivero..... Páx. 56
- 13.- Expediente 522/2018. Moción por urxencia do PP para solicitar ao Goberno Municipal a activación dos trámites necesarios para o arranxo das deficiencias do Pavillón do Colexio de Vilatuxe..... Páx. 59
- 14.- Expediente 535/2018. Moción por urxencia do concelleiro non adscrito en relación a varias contas bancarias do Concello de Lalín..... Páx. 61
- 15.- Expediente 153/2018. Rogos e Preguntas. Pleno 26/01/2018..... Páx. 63

Sendo as **nove horas** do venres, **día 26 de xaneiro de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. *Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D<sup>a</sup>. Eva María Casal Sanjurjo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

**1.- EXPEDIENTE 375/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 17/2017 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 26 DE DECEMBRO, E Nº 18/2017 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO.-**

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 17/2017, da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 26 de decembro, Nº 18/2017 da sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2017.

De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as actas Nº 17/2017, da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 26 de decembro, Nº 18/2017 da sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2017, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

**2.- EXPEDIENTE 374/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 26 01 2018.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

**3.- EXPEDIENTE 4082/2017. EXPEDIENTE DOS CONVENIOS URBANÍSTICOS PARA A EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO PARA A OBTENCIÓN ANTICIPADA DE TERREOS DOTACIONAIS NECESARIOS PARA CONSTRUCCIÓN DA GLORIETA SITUADA NA INTERSECCIÓN DA AVDA. XOSÉ CUIÑA-AVDA. MONSERRAT.-**

A Presidencia deu conta do presente expediente e da proposta do Concelleiro

Delegado de Urbanismo de data 17 de xaneiro de 2018. A continuación, o Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de xaneiro de 2018.

**D. Nicolás González Casares.** Simplemente ven a Pleno a ratificación dos convenios urbanísticos feitos para a obtención de terreos e a posterior construción da rotonda en Monserrat, que foi aprobada como inversión financeiramente sostible. Son once convenios de cinco, en realidade, de catro propietarios. Hai que ratificalos.

*O Sr. Secretario.* Os documentos subscribíronse inicialmente. Houbo unha exposición ao público polo prazo dun mes, publicándose no DOG e nos periódicos de ámbitos provincial, Agora tocaba aprobalos no Pleno, co texto definitivo que é o mesmo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estamos de acordo en que se faga o antes posible a rotonda. Das cinco previstas no PXOM na Avenida. Xosé Cuíña, quedaba esta pendente. Nós presentamos unha moción no seu día sobre isto. Ningún reproche ao goberno, porque ao final as cousas fanse como se fan. Antes ,ao faceren os convenios urbanísticos nos puñan a caldo, e agora fan como facíamos nós antes. Benvidos á realidade.

**D. Nicolás González Casares.** Son convenios urbanísticos de terreos pequenos. Neles non se pagan, senón que se concede un aproveitamento urbanístico nun ámbito do PXOM aprobado por este Pleno. Non son estes convenios aos que se fixeron anteriormente na etapa do anterior goberno. Hai moitos convenios e uns son diferentes doutros e con outras condicións. Estes son bastantes simples.

**D. Juan José Cruz García.** Ten a súa a valoración do PP. Era unha aberración dicir unha cousa e facer o que sempre facía o PP. Repítese moito que aquí sempre hai connivencia co PP. O único que o dií es Juan Cruz. Estas son obras imprescindibles?. Sigo dicindo ao PP co que tiveron conversas satisfactorias que estas obra non son prioritarias, o mesmo que gastar en rotondas ou en parques uns trescentos mil euros. Grazas á posibilidade que vos din co meu voto, os do PP puides facer unha obra programada nas vosas intencións. Deberades ser máis agradecidos co edil non adscrito. En moitas obras houbo mocións pedindo con forza que se inclúsen no plan da Deputación. Síntese agraviado coa moción do PP que se tratará máis adiante, porque na mesma non están todas obras que el pediu.

Se eu son capaz de romper un pouco o voto e o sentido deste Pleno, tamén nas rodas de prensa deberíades recordar todas as obras, mesmo as do edil non adscrito.

Agora hai acordos do PP e do grupo de goberno.

Fora do obras de Corpiño e das baldosas, eu non estou representado en ningunha obra nin no reparto proxectos. Era unha falsidade grande dicir que estou do lado do PP. Cando Cuíña precisa do PP pídeo. Houbo negociación en Botos e noutros lugares que crean barullo para parar a obra. Pide que na depuradora de Botos se proceda urxentemente á expropiación dos terreos necesarios, polo menos, a que se vai colocar no sumidoiros, xa sexa con este goberno ou co PP, partido que considero que vai estar.

Xa veremos dixo o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio.** Prefiro que estea o PP a que estea outra xente.

l

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: vinte (20), sendo (5) de CXG-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP.*

*Votos en contra: un (1) do Concelleiro non adscrito..*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, aprobouse a proposta e o expediente do seguinte tenor:

Visto o expediente dos convenios urbanísticos de execución de planeamento da obra de **“Construción dunha rotonda na intersección da Avenida Xosé Cuíña e a Avenida Montserrat”**, que o Concello de Lalín ten en estado de tramitación varios expedientes de colaboración con particulares na execución de planeamento.

A forma que se buscou para plasmar esta cooperación coso donos das propiedades é a de convenios urbanísticos en execución de planeamento, en base ás previsións do PXOM do ano 1999 que prevé a construción dunha rotonda, en concreto En desenrolo do PXOM tramitouse e aprobouse o Plan Parcial SUE-3, localizándose os terreos dentro do ámbito deste Plan Parcial, Circunvalación do PXOM de Lalín.

En concreto tramítanse os seguintes expedientes:

- **Convenio de planeamento nº 1** asinado o 20 de setembro de 2017 cos irmáns D. José Julio, D<sup>a</sup> Teresa e D. Alfonso Rodríguez Bértolo.  
Título: escritura publica 28-3-1978, notario de A Coruña nº 268 da súa avoa.  
Non está inscrita no Rexistro da Propiedade.
- **Convenio de planeamento nº 2**, suscrito cos irmáns José Julio, Teresa e Alfonso Rodríguez Bértolo o día 20 de setembro de 2017.
- **Convenio de planeamento nº 3** asinado o 20 de setembro de 2017 cos irmáns D. José Julio, D<sup>a</sup> Teresa e D. Alfonso Rodríguez Bértolo
- **Convenio de planeamento nº 4** asinado o 20 de setembro de 2017 con D. José Julio Rodríguez Bértolo e D<sup>a</sup> Elisa Areán Acevedo.
- **Convenio de planeamento nº 5** asindo o 20 de setembro de 2017, con D<sup>a</sup> Felicidad Aréan Diéguez.
- **Convenio de planeamento nº 6** asinado o 14 de setembro de 2017, con D. José Tomé Martínez e D<sup>a</sup> María Carmen Fernández Iglesias.
- **Convenio de planeamento nº 7** asinado o 15 de setembro de 2017, con D. Antonio Vidal Neira e D<sup>a</sup>. Ana Vidal Neira.
- **Convenio de planeamento nº 8** asinado o 15 de setembro de 2017, con D. Fernando Presas Nogueira e a súa dona D<sup>a</sup>. Nemesia Rodríguez Silva.
- **Convenio de planeamento nº 9**, asinado o 15 de setembro de 2017 con D. Antonio Vidal Neira e D<sup>a</sup>. Ana Vidal Neira.
- **Convenio de planeamento nº 10** asinado cos irmáns José Julio, Teresa e Alfonso Rodríguez Bértolo o día 20 de setembro de 2017.
- **Convenio de planeamento nº 11**, do 14 de setembro de 2017 con D. Antonio Vidal Neira e D<sup>a</sup>. Ana Vidal Neira.

Vistos os informes de Secretaría e do Arquitecto municipal favorables ao dito expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar e ratificar os convenios urbanísticos de execución de planeamento 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10 e 11, co mesmo texto que figura nos convenios subscritos inicialmente entre este Concello de Lalín e os donos das fincas e propiedades afectadas pola rotonda na intersección da Avenida Xosé Cuíña e a Avenida Montserrat, que o Concello de Lalín xa subscribiu inicialmente.

**Segundo.-** Autorizar ao dito Concelleiro Delegado de Urbanismo a sinatura e subscripción do do texto definitivo dos convenios antes indicados co mesmo texto que figura nos documentos subscritos inicialmente.

#### **4.- EXPEDIENTE 5964/2017. COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, A PETICIÓN PROPIA, APROBADA NO PLENO CELEBRADO O DÍA 29/12/2017, EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DUNHA AUDITORÍA SOBRE PROBLEMAS EN VARIOS EDIFICIOS MUNICIPAIS.-**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión celebrada o día o día 29 de decembro de 2017.

De seguido comezou a comparecencia do Sr. Alcalde.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A comparecencia non ten por obxecto facer unha crítica política ou de guerra, senón cumprir a súa palabra. Non busco a ambigüidade. So dar conta das necesidades e facer saber a Corporación e aos veciños a situación actual.

En relación co local social de Filgueira como dixera veu un familiar a preguntar polo convenio. Deste tema non dixen que ía informar. Veu a familia pedindo se lles íamos pagar. Eu non tiña constancia do mesmo. Está claro e correcto o proceso, pero quería saber cando lle íamos pagar? Se non hai acordo económico, procedera a vía do xustiprezo.

Son cuestións técnicas e non políticas.

En relación co Salón Teatro, hai un informe técnico que dí xa no ano 2006, o autor do proxecto e da dirección de obra, *Luis Collarte Laxe*, proxectou unhas aulas nun edificio diáfano. Tamén e consultado o expediente non se aprecian as unidade de obra da cuberta. Comprobouse o estado da pendente da cuberta. Tratábase de determinar a entrada auga e viuse o deseño cuberta. É unha cuestión técnica o tema da pendente que ten o 2%. os canalóns interiores están a unha distancia 40 metros. Este é o problema básico: a escasa pendente ou case nula. Para arranxar a instalación habería que cambiar a cuberta enteira. Cando hai unha tormenta ou un temporal, xurde o problema. Son cuestións técnicas.

En relación co multiusos Lalín Arena, en 2013 resolveuse a concesión empresa privada, Gaia. O director da obra e redactor do proxecto foi a empresa *Naos*, rematando a obra no 2010. En 2013 faise cargo o Concello da mesma, por resolución do contrato. Hai informes técnicos indicando deficiencias que se repararon. Ademais do informe maio 2013 hai outros posteriores ata o final. A empresa pediu a devolución do aval. En informes 13-4-2016 infórmase da negativa e ábrese a vía xudicial. Existen aínda filtracións de auga

Hai un informe en 2013 sinalando que había que acometer obras na cuberta e terrazas

exteriores. Constan filtracións non reparadas, visibles na sala 2, nivel -2. emitindo informe desfavorable por elo o técnico municipal á petición de devolución aval o 13-4-2016 e ábrese o proceso xudicial.

En canto ao Auditorio de Muimenta, había dúbidas sobre se está correcta a obra, habendo unha disputa sobre 50 cm, non representativa, sobre se está no núcleo ou fora do mesmo, en solo rústico. No informe dise que está dentro núcleo rural. A caldeira instalouse correctamente.

**D. Juan José Cruz García.** Aclare os cincuenta centímetros.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Foi un comentario oral do técnico. Non consta por escrito; foi verbal. Non ten relevancia, xa que a caldeira, segundo os técnicos, está correcta.

**D. Juan José Cruz García.** Vai culpar a Vilariño ou a Medela?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Sobre o Auditorio de Vilatuxe, os informes estaban correctos e xa os debatemos. Tras esta situación, o edificio non está regular e ten algún tipo de irregularidade. Porei a súa disposición o informe.

**D. Juan José Cruz García.** Pedín que dixera as irregularidades.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Déixeme comparecer. Logo haberá preguntas.

No Auditorio municipal as incidencias do vendaval están subsanadas. Gastaranse 60.000 € en máis obras. O resto irá no Plan Concellos da Deputación. Non está claro se o que queda por facer ascende a 180.000 ou a 244.000 euros. No cristal da fachada ventilada de chapa houbo roturas e perforáronse estas chapas. Vaise intentar poñer outro tipo de material. Saben todos que por estas circunstancias non están executadas as obras. Agora esperábase a ter aprobada a liquidación para gastar acordo Pleno. O resto irá no Plan de Concellos.

Preguntas.-

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Indicou que se dirixiron por escrito ao *Sr. Secretario segundo o art. 14 do do ROF*, porque teñen dereito a ter toda a documentación. En reiteradas ocasións en Secretaria. para ver se había algún escrito máis no expediente o día catorce deste mes. Onte foron el máis Antonio a ver a documentación. O *Secretario* non estaba e non atoparon máis documentación. Coidaban que tiñan que ter todos os informes relacionados con este expediente e velos. Este estaba baleiro de contido e vostede ten os informes. Estaba furtando á oposición o uso dos mesmos.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Díxome onte o Secretario que ben no Pleno ou nas Comisión Informativas debuese aclarar sobre que tema se ía falar. Punto dous: son cuestións técnicas.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias.** De comparecencia política nada. Fálase do informe do aparelador que non tiveron e tiñan que telo e velo. Eles teñen que coñecelo porque teñen os mesmos dereitos para participar na sesión. O Sr Alcalde pode falar do que queira, pero eles como oposición tiñan que ter o informe e contar coas mesmas armas para facer oposición política neste tema e nos demais, como por

exemplo do Lalín Arena. O certo era que neste tema non había informe.

De novo **D. Rafael Cuiña Aparicio**. Díxome o Secretario que houbo un erro de vostede, xa que nas Comisión Informativas ou no Pleno debeu concretarse as cuestións das se ían falar na comparecencia. Non lle din máis voltas. Como lles dí non Pleno anterior, so describo as obras e situación e non botaba a culpa de ningún político. Eran cuestións técnicas e que por elo non tiñan que defenderse.

**D. Xosé Crespo Iglesias**. Indicou que eran xa maiores de idade e debían entenderse. O Alcalde pode comparecer para expoñer as deficiencias edificios e porque caeu unha tronada e o goberno doutros temas, pero el quere facer un contraataque político, lexítimo. Quero que as regras do xogo político sexan as mesmas para todos, e para elo tiñan que coñecer todo o que pasou realmente. Tiñan que ter o informe de Antonio Bernárdez.

**D. Rafael Cuiña Aparicio** o informe do técnico Antonio Bernárdez non o tivo sobre a mesa ata o xoves ás 12 horas e eu cheguei ás 15 horas. Non tivo a mínima intención de facer guerra, so pensaba en describir a situación e o que teñen que facer.

**D. Xosé Crespo Iglesias**. O Sr. Alcalde estaba descafeinando o debate e a súa comparecencia, pero a intención non era esa.

**D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que a súa intención non era abrir unha guerra política.

**D. Xosé Crespo Iglesias**. Querían ter as mesmas armas e seguir as mesmas regras políticas. Non se podía xogar coas carta marcadas, pero si coa mesma baralla. Secretario esta aí. Eu fun alí e Antonio.

O Sr. *Secretario*. Non quería intervir, porque non era protagonista. Presentouse o texto da moción. Nas comisións informativa e no Pleno cada grupo pode aprobar, rexeitar e emendar as mocións. A moción co texto aprobouse e non dicía sobre que temas ía falar o Sr. Alcalde. O informe aportado polo Sr. Alcalde non está no expediente do Pleno, nin o vin a día de hoxe. Era un documento novo e para evitar sorpresas tiña que terse rexeitado ou emendado. Agora non valía dicir que sorprende o documento. Díxolle que tanto na comisión informativa como na sesión do Pleno na que se aprobou a comparecencia tiñan que circunscribirse ao obxecto da convocatoria. Onte chamáronlle e chamou ao Sr. Alcalde, quen lle dixo os temas a falar, e trasladouno ao grupo popular.

**D. Xosé Crespo Iglesias**. Pedíuse por escrito o acceso e copia urxente non despois do Pleno, do informe auditorio elaborado coas deficiencias para esta comparecencia. Non estaba en Gestiona.

**D. José Antonio Varela Quintela**. Xa estaba feito o informe de A. Bernárdez sobre o Lalín Arena e Nico sabe que si. Coñecía el só este informe?.

**D. Nicolás González Casares**. Hai informes de Antonio Bernárdez de varios anos. O informe era do estado actual. Non era unha obviedade algunha. O que se dí no informe pedido polo Alcalde sobre as deficiencias sabémolas todos. Houbo que picar e probar a estanqueidade e todo parecía ben no Lalín Arena. Pero a realidade



non era esa.

**D. José Antonio Varela Quintela.** O informe nega a devolución da fianza e levaron á xustiza.

**D. Nicolás González Casares.** Pediu un novo informe. As deficiencias coñecémolas todos: filtracións de auga na zona, unhas solucionadas e outras non. A estrutura é como é. Hai goteiras e probas de estanqueidade. No se atopou a solución.

**D. Xosé Crespo Iglesias** protestou enerxicamente por non contar coa documentación necesaria para facer o seu traballo neste punto ao non ter o informe de Antonio Bernárdez que si tivo o Sr. Alcalde. Non se pode xogar coas cartas marcadas. Fomos e o Secretario non estaba. A Alcalde, preguntoume pola documentación.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Preguntaron ao Sr. Secretario.  
Digo a verdade. Agora apareceu algo. Díxome que o erro foi non pedilo na comisión informativa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O PP durante a democracia fixo moitas obras. Todo o que está feito en Lalín é normal que teña deficiencias. Dígame un só edificio que non as teña. Tamén había problemas coas bolas da rúa que non é súa. Hai mais de seis edificios. Todo vai cambiando segundo gobernan. A idea era de cualificar as mesmas de chapuza restregárnoas na nosa cara, pero logo cambiou.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que son cuestións técnicas e non políticas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O Sr. Alcalde vai cambiando sobre a marcha. A idea era comparecer para indicar as obras nosas que eran unha chapuza. Agora dáse conta de que ten a casa sen barrer. Referímonos ás obras de Matemático Rodríguez sen facer.  
Fixeron moitas cousas. Esta casa non ten deficiencias.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero ten problemas mantemento.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O Lalín Arena obrigounos varias veces a corrixir as deficiencias e facer as obras. Agora estaba cheo de usuarios. Se non o houbera, onde ían facer deporte os usuarios?. Onde ían facer o seu concerto *Os Tonechos?*, No pavillón vello?. Os Tonechos non actuarían aquí se non houbera esa infraestrutura. É un recinto adecuado para os seus intereses.  
O normal era que os arquitectos fixeran ben o seu traballo e logo avanzar.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Algúns temos algo que ver.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Piden actuar alí. É fácil entregar e recibir as obras. Recibes a obra, pero logo teñen que facer mantemento.  
No Auditorio Tuno Valdés, que conta con vinte e seis ou vinte e sete anos feito, veu unha andanada de aire e levou o tellado. É normal. Filtracións ou calquera cousa. Os arquitectos fan a obra, se meten auga. Arranxalo. Menciona campo de fútbol, pavillón vello.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Sabían do que ía falar. Antonio si o sabía. Cónstalle que houbo transmisión a el do Secretario

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** O Secretario dixo que non había informes e si había informes. Sei a conversa con whasap que tivo co Sr. Vila. A quen tiña que pedir as explicacións era a persoa a quen fixera as preguntas. Considera que os informes técnicos forman parte do expediente. Dixo que non había informes, pero si que había un informe técnico. Dígoo eu.

**D. Rafael Cuíña.** Estádesme buscando. Non temos ganas de guerras.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Antonio: Levo eu o tema. Se queres lévao ti. Faime caso a mín.

O local social Filgueira, agora está na 4º Fase. O convenio había que ilo movendo. Xestur teno na súa man. Había que ir collendo vez e agora ir movéndoo. Segundo as necesidades, empezárase a traballar. Recordo cando pactáramos con Lores en 2006 a autovía Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Forcarey-Lalín-Lugo. Hoxe polo menos está pintada nun mapa. Nico dixo que era unha autopista, pois está pintada desde o ano 2006. Falta moito por facelo?. Seguramente si, pero hai que movelo. Cando acaben as obras nas estradas Lugo-Ourense, e logo Lugo-Santiago, toca á nosa. Hai que sementar. O local social de Filgueira fai na 4º Fase. Así estaba convidado coa familia. Se queredes, sentámonos con ela. Non creo me neguen a palabra. Iso fixérono eles.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Primeiro: a comparecencia miña. Segundo: Logo pódese preguntar. Terceiro non se debía cualificar familias socialistas aínda que coidaba que non había mala fe. Cuarto. O convenio está asumido. A familia reclama que se pague. Non dixen que se fixo algo mal. Eu non coñecía o convenio de 2011, nin sabía que existise.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non me interrompa. Protesto porque non estaba a documentación no expediente e por elo non puido debuxar. Sobre o local social de Filgueira reiterou que estaba todo ben e tratou coa familia Donsión, que era un edil socialista e estaba aquí na oposición.

**D. Nicolás González Casares.** Houbo un pacto coa familia Donsión. Eu falei con dous.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** No tema do local social de Filgueira quedouse que na 4 Fase se cumprirá. Eles adiantaban os terreos. Eu non dixen cando se ía facer.. Que se tranquilicen. Nesa zona págase moi ben. O Salón Teatro ten moitos problemas. Todo proxecto é mellorable. Non falo de estética do construído. O local social de Filgueira, o Salón Teatro, o Auditorio Principal o Lalín Arena todos tiveron incidencias como en Vilatuxe. Déronos caña No Auditorio porque o tema estaba francamente mal. A empresa fundeu e houbo tema no xulgado e investigamos

O Lalín Arena si tivo filtracións. Lembrou que cando se falou do sistema de financiación, a oposición tomouno a chirigota. Hoxe recoñecen que a instalación serve para celebrar eventos. Grazas a que temos unha instalación como esa, temos eses eventos. Tamén ten eivas, pero estamos tremendamente orgullosos dela e hai que vendela. Moita xente úsaa. Concretamente lembro que algunhas persoas de fora que viñeron quedaban abraidos de que Lalín contase cunha infraestruturas deste nivel. Se

mete auga, hai que arranxalo. Houbo obras de impermeabilización da plataforma. Unha empresa de Lalín fixo probas de estanqueidade. Logo volveu meter humidade nunha parte. Arranxar. Non pode dicir que é unha infraestrutura basura. Este obra e está mal, pero se da a entender que é unha chapuza. Agora o ven como unha instalación de primeiro orde. Sempre tivo problemas de filtración. Antes no tellado. Agora non.

**D. Nicolás González Casares.** O tellado non mete auga, aínda que algúns din que non vai aguantar moito. Ás veces hai condensación por temas antincendios; abren soas as compuertas e meten auga. As comportas abren.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede coñece ese mundillo do deporte. Sabe que o Sar de Santiago tamén ten problemas. Problemas teñen todas.

**D. Nicolás González Casares.** O problema veu pola financiación externa do Lalín Arena. Foi unha decisión súa. Quero significar o custe oportunidade que existiu. A día de hoxe a débeda do Concello ven derivada do Lalín Arena. Este ano adiantamos o pago de 1.500.000 euros en agosto. Dos 5.400.000 de débeda municipal, practicamente o 80 % deriva do Lalín Arena. Houbo que pedir un crédito para o rescate. Pagaron ao concesionario o máximo que pediu, a pesar de que houbo modificacións na pista de xeo e outros cambios por importe de trescentos mil euros. Non se entende de isto. A instalación é boa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O proxecto inicial ocupaba o pavillón vello e a pista de tenis. Foi unha opción a tomar. Se nós deixamos deixar un ano e medios sen instalacións deportivas a Lalín, vos nos comeríades. Por iso non o fixemos doutro xeito. Optamos por construír o Lalín Arena. O local social de Filgueira e o mellor local social feito.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Para gustos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O Salón Teatro Tuno Valdés ten 26-27 anos. No Arena e en Vilatuxe déronnos caña. Verán cando nos dean a documentación o día nove de febreiro e teñamos a documentación pedida sobre Vilatuxe. Non a deron e dixeron que había que buscar o proxecto e a Memoria e non darana de alta máis adiante. Xogamos con distintas armas, pero demostrarei que sen infrinxir a lei, se podía instalar a caldeira. Si e necesario pedimos un informe técnico. Coa caldeira instalada, a edificabilidade non computa volume, se non levanta máis dun metro da rasante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ides ter sorpresas.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Vos tamén e máis dunha.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Demostrareino. A caldeira do Auditorio vai quedar como un galimatías?. Vai quedar así?. Imos aclarar todo: como e por que r o que se dixo. Cal era o solar primigenio, por que se comprou iso. Documentéense máis cos técnicos. Pídelles que se documenten máis, se queren, porque non estaba aquí nin a memoria. Pide que o técnico lea a Memoria.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Dillo ao técnico. Vos tamén teredes sorpresas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non. Vostede. Ata o día 9 non temos a documentación. Deinos en dous días o expediente. Pide que o técnico lea a memoria da construción. Estou dirixíndome a vostede, non ao técnico. Non é de recibo o tinglado montado na prensa, e entregando a documentación un mes despois, o día 9. Deinos en dous días os documentos pedidos e veráa.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Dándolles cun funcionario presente?. Como antes?. Sóalle este método?. Con dous meses e medio?. Sóalle ese método?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Poña vinte técnicos, ou cinco ou tres, pero deinos a documentación mañá.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Nós tardamos 2,5 meses despois e cun funcionario presente?. Sóalle ese método?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede fan o mesmo. Podemos pedir a documentación como facía *D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez*, co mesmo método: pedirlle un histórico dun tema do ano catapún anterior á democracia. Pediu no Campo da Feira Vello. O Alcalde era Licho. Digo no novo, onde está hoxe o Lalín Arena e cando non había democracia no Concello.

Vostede en 24 horas e media podían darlla. Danos un mes o expediente.

Pide que traballen para conservar o que hai. Sobre o mantemento, non se preocupen vostedes, como deixen pasar tráfico na rúa Loriga, como nos pasou a nós coas baldosas da Praza da Igrexa, en pouco tempo bailarán todas. Nós cada ano arranxábamos vinte ou trinta baldosas. Se nesa praza non se restrinxe o tráfico, en dous anos todas as baldosas bailarán tamén. Todas as obras teñen mantemento. Unhas antes e outras despois. Póñanse a traballar e arranxen as cousas herdadas, porque tiñan todo feito, ou case todo feito. Había boas instalacións deportivas. Había unha pequena humidade. Esa casa tivo problemas

**Rafael Cuíña Aparicio.** Non perdón o peche. Vostede foron facer fotos ao salón teatro para dicir que aquilo era un desastre. Cando choveu saímos de alí e caía todo. Eu o que lle digo e coa prensa é que desde o primeiro minuto se filtraba. Despois vexo o proxecto, técnico, non feito por vostede, e estaba mal. A silicona debeu poñerse de seguido. Claro, isto no Salón teatro, pasou dende sempre. Estou bastante tranquilo con este tema.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non había documentación no expediente, polo menos ese informe. Protesto por elo. En Filgueira ver convenio. Fíxose na 4ª Fase, non se dixo cando se pagaría, porque non se saben cando se acometerá estaa fase. En canto ao Salón Teatro o proxecto era mellorable. A empresa Proinsa fundeu e deixou obras sen rematar e cartos sen pagar. Igual pasou co edificio do Concello. Aquí houbo sorte porque FCC a empresa anexa fíxose cargo de todo. O Concello era unha gran construción, e houbo que buscar financiación. O mesmo que co Lalín Arena. Onde actuarían *Os Tonechos*?. Non a pedía a xente, pero están aí e están orgullosos dela. Nin no tellado do Concello nin nas paredes hai auga.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** *Son medias verdades, a post verdade.* Era unha carallada.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Esa palabra xurdeu polo de Cataluña.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non dean clases. Vostede son expertos en post verdades. Remato pedindo que se poñan a traballar e a manter o mellor posible o que hai. Asegúrolle que todos os edificios que fixemos teñen algún problema. O Pazo de Liñares está ben construído, pero ten humidades e hai que arranxalo. Se quere explícolle onde están as humidades. Na mesma zona houboas dúas veces. En definitiva, dedíquense a facer e non a poñer pegas ao feito. Poden xogar, pero hai que arranxar.

**D. Juan Cruz García.** Era curioso. Ao comezo vostede pide comparecer inmediatamente, forte e bravucón e logo se desculpa dicindo que estivo en Ponferrada e non tivo tempo para preparar o Pleno. Logo ven aquí con catro chorradas. Eu pareille os pes. Ten que admitir certas irregularidades. Custa moito dicir ilegalidades ao PP. A min nada. Cónstanlle ilegalidades no Auditorio de Muimenta?. Aquí empezou a demandar este edil información, que non tivo contestación. Por que tapas ao PP *Cuíña*.? Tes un morro que cho pisas por que non denuncias irregularidade en edificios feitos polo PP. Crespo mesmo menciona deficiencias. Iso é normal. Pedín un informe que fixera un técnico para censurar actuacións do PP, mesmo informes de cousas do PP, por exemplo un informe no Auditorio de Muimenta. O técnico o de Muimenta é o mesmo que o técnico que fixo o informe de Vilatuxe?

**Rafael Cuíña Aparicio.** Non está firmado polo mesmo. Está feito por dous pero firmado está por outro. Antonio Bernárdez fixo o de Muimenta.

**D. Juan Cruz García.** Que técnico? Nome e apelidos.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Firmou Martín Cerredá o primeiro, o de Vilatuxe; o segundo, o de Muimenta, firmouno Antonio Bernárdez.

**D. Juan Cruz García.** Sería posible que o Alcalde lle pedira a Martín que faga un informe tamén de Muimenta?.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Xa está feito. Non procede.

**D. Juan Cruz García.** Non pode facer o mesmo técnico de Vilatuxe o informe de Muimenta?.

**Rafael Cuíña Aparicio.** Non procede, xa estaba feito.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Hai que diferenciar entre ilegalidade e irregularidade. Cando se fai unha casa e logo chove hai unha anomalía, pero iso non é unha ilegalidade.

**D. Juan Cruz García.** A vostede acusáronlles de ilegalidade en Vilatuxe. Vai levar a xuízo por esas acusacións ao alcalde ao xuízo por estas acusacións de? Para o goberno o obxectivo é Juan Cruz? Ilegalidade ou irregularidade son termos distintos?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A xuízo nunca levei nin levarei a ninguén.

**Rafael Cuiña Aparicio.** Non admito iso. Eu sempre dixen irregularidades nunca ilegalidades. Dáme exactamente igual o que diga Cruz. Dixen irregularidades. Non ilegalidade. Falei de irregularidade.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Falo con Juan Cruz. Hai que diferenciar entre ilegalidade e irregularidades.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Acabas de dicir que é unha post verdade do Alcalde.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estados liados. Retiro esta intervención miña.

**D. Juan Cruz Garcia.** Isto parece unha sorpresa e unha desinformación absoluta por parte do PP. Que conste en acta que afirma o Sr. Alcalde que non existen mais non existen irregularidades ou máis que posibles ilegalidades no auditorio de Muimenta?.

**Rafael Cuiña Aparicio.** Cos informes que teño enriba da mesa non.

**D. Juan Cruz Garcia.** Que conste en acta.

**D. Juan Cruz Garcia.** Sinto que os técnicos len a prensa. Facer a obra é difícil que o Presuposto acade as expectativas tamén. Existe una desinformación temática a que nos somete o Alcalde. Hai que ser experto na construción para entender o que se dí. Houbo xente construíu moito dubidosas situacións. Este Alcalde tiña que saber moito desa temática.

Rematou?. preguntou **Rafael Cuiña Aparicio.**

Con estas verbas deuse por rematada a comparecencia do Sr. Alcalde.

**5.- EXPEDIENTE 5962/2017. COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, A PETICIÓN DO PP, APROBADA NO PLENO CELEBRADO O DÍA 29/12/2017, POLO DERRUBO DA PONTE DE BUSTELOS E O EXPEDIENTE QUE SE TRAMITOU PARA A CONTRATACIÓN DE DITA OBRA.-**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión celebrada o día 29 de decembro de 2017.

De seguido comezou na comparecencia do Sr. Alcalde.

De seguido **D. Rafael Cuiña Aparicio** leu o informe elaborado pola técnica de contratación. De seguido tamén procedeu á lectura dun escrito da empresa Sergonsa Servicios S.L. sobre esta obra.

**D. Juan José García.** Houbo subcontratación.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Dixo que á vista destes dous

informes, tanto da técnica de contratación, como da empresa Sergonsa, o expediente estaba incompleto e reiterou este extremo.

Tanto o informe da Técnica de Contratación como o da empresa Sergonsa Servicios S.L. non se transcriben, constando en Gestiona.

**D. Nicolás González Casares.** Afirmou que estaba todo no expediente. Listo e posterior. Pediuse ao técnico.

**Rafael Cuiña Aparicio.** Había un informe do director de obra. O novo informe non estaba no expediente. Indicaba que a ponte estaba a maior altura que a lámina de auga e que coa tromba que caeu provocou o colapso da estrutura. O director de obra é un técnico solvente. A obra estaba rematada e aínda sen balizar, cunhas cintas que se quitaron. Esta tromba caía una vez cada trinta anos, por iso non era previsible. Tamén causou danos noutras partes do río Deza.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Fáltalle información, en concreto o traballo dos técnicos. No punto da orde do día non estaban eses informes. Faltaban. Aquí non hai esa documentación no expediente.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** El dixo que non sabía que había documentación nova.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ten tanto traballo o alcalde que non meteu no Pleno estes informes? Como fará o Alcalde para reclamar a totalidade da subvención de 107.000 € perdida ou media perdida?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Había un traballo técnico. Os técnicos da Mesa de Contratación non se deron conta que en tres meses non daba tempo para facer a obra e non dixeron nada. Logo a obra xa estaba adxudicada e a empresa e tiña un mes. Pedíronse prórrogas ata os últimos días á Dirección Xeral de Administración Local e non veu concedida ningunha.

2º.- Xestionouse ben a dirección de obra desta obra?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** O director levouna ben. Todos os técnicos fixeron o seu traballo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Desde o 20 de xaneiro coñecía a subvención. O 20 de febreiro contábase co 20 febreiro; o contrato é de xuño 22, catro meses antes finalizar o prazo. Tiñan que empezar a contratación inmediatamente. Da moi pouco prazo, algo que pasaba antes e agora. Isto é algo repetitivo, non é novo nin de agora e financiase cos fondos europeos.

Hai algunha algunha xustificación polo tempo perdido, xa que 22 de xuño tiñan o proxecto e podían sacalo adiante?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Quere enrevesar algo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estamos falando de xuño.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Reitero o dito.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Respóndame: Canto tardou en licitar o proxecto?. O informe de Secretaría é de 18 ou 31 de xullo?.

*Secretario.* Tanto tempo non.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede elaborou en poucos días o informe cando llo encargaron.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Teño na prensa. O día 3 xullo está o prego, o día 18 xullo está informe Secretario e o día 31 de Intervención.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O día 3 de xullo están os pregos. Desde o 20 xuño non leva tanto tempo facer as cousas. Eu fun fraile antes que cociñeiro. Non nos tome o pelo. Plan ven de antes, de 1990 ou de 2005. Logo ven o informe do Secretario 20 xullo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dixémoslle a Secretaría faga o informe. Seguramente dixémoslle a Secretario: Non fagas o informe que queremos perder a subvención.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** No fixeron nada. Cando a Interventora fai un informe di o que di e infórmolle.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É desesperante. Déixeme falar e non me interrompa. Pode estar ata 2019. Nós estivemos encima da Directora Xeral pedindo prórrogas. Esta obra tiña especialmente interese, para min como para o Tenente Alcalde, e por iso para pedir a prórroga de especial interese, sacárono. Utiliza termos que a vostede lle gusta moito. Queremos sacalo adiante. Anduvemos enriba de Secretaría e Intervención, e pedimos persoalmente, que o vía complicado. Un,dous tres días.

O *Secretario.* Os seus informes 2 ou 3 días se fan, desde que se pon a súa disposición.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A ver si pasa o mesmo co Cocido o ano que ven. Non me interrompa. Adiantaron algunha documentación, cando xa sabían en xaneiro a cantidade que ía custar?. O prego foi de primeiro de xullo. O informe de Secretaría o día 18 Secretario; un mes despois veu o anuncio e a publicación. Un mes 1 e 16 despois da certificación da axuda. Algún malentendido. Foi unha subvención novidosa?. O día 3 xullo estaba o prego; o día 8 agosto aparece no BOP. Si sabes que desde xaneiro tiñamos o tempo xustiño, cando menos é grave. Van a xustificar a obra o día 23 outubro, catro meses. Non sei os problemas que houbo. Eu non lles acuso de que sexan parvos, acúsovos de inoperantes, de facer mal as cousas. Faise un papel e mándanse para enriba. Hai que andar enriba dos papeis. Adjudican a obra o 24 outubro, 4 meses despois e asinan a acta replanteo o dous de novembro, uns días antes de estar rematada. Canta desidia!

2. Como pretendían facer a obra en dous días de setembro?.



**D. Nicolás González Casares.** Vou contestar ao caso dun xeito claro e conciso. A Mesa de Contratación igual tivo un erro. Os traballos técnicos tardarían tres meses en facerse. Habería que parar o procedemento.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Corrixilo.

**D. Nicolás González Casares.** Entérome que a empresa ten un mes para o replanteo. Chamei por teléfono á empresa. Dixeron que tiñan tempo e que podían facer acopio de material. Foi un erro o prazo do replanteo. Sobre o procedemento de contratación falei con Antonio. Coido que temos a mesma visión ambos. O procedemento aberto e o normal, pero non é o mellor nestes casos, a pesar dos informes técnicos. Houbo trece empresas que se presentaron e houbo que valorar trece ofertas. Non é o máis correcto. Posiblemente procedía facer un procedemento negociado sen publicidade, aínda que a lei de contratos restrinxía esta forma. A nova lei que entra en vigor en marzo elimínalos; xa, case non se fan estes procedementos. Houbo un erro na tramitación e nas decisións. Nós non queremos meter a pata. Puido facerse o procedemento negociado sen publicidade, consultando a cinco, seis ou sete empresas. O aberto é máis transparente. Marta e os técnicos insistiron en levalo por procedemento aberto. Había outras obras similares xa en marcha. Probablemente esa tramitación dera lugar ao atraso.

El sempre estivo moi ilusionado coa obra do Fondo de Compensación Ambiental. Este ano farase unha cousa faciliña e tramitarase moi rapidamente, nun mes. A nova lei non esixe publicación no BOP e hai doce días para publicar. Tramitarase dun xeito conciso.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Solo digo unha cousa. Vostede ten empatía. Si cambiamos de bando, que farían vostedes, se nos perderamos unha subvención?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Seguramente o que vos facedes agora.

**D. Nicolás González Casares.** Nós non dimos caña no tema da subvención da lagoa de Sello.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O día 2 e a acta de replanteo e tiña que estar rematada oito días despois?

**D. Nicolás González Casares.** Pedíuse unha prórroga. A primeira o 3 outubro. Houbo dous escritos do Alcalde e tamén chamamos alí. Non entende a negativa. É unha anécdota.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O día 15 novembro finaliza a xustificación. Sabe vostede que asinou a prórroga da solicitude ese mesmo día? Non o mesmo día, a véspera?.

**D. Nicolás González Casares.** Si, a terceira prórroga. Pedíuse o día 3 de outubro por pasiva e por activa. Foi unha petición continuada.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Sabe de cando é a primeira certificación?

**D. Nicolás González Casares** Non o sei.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A certificación primeira foi do 8 de decembro.

**D. Nicolás González Casares.** Ao principio nos metemos presa á empresa. No momento en que sexa sabemos que se perde, dicimos non hai presa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É un tema administrativo ou un tema político?. Quen cree que tivo a culpa: o PP, a Xunta, Casares, a Interventora, Urbanismo...?

**D. Nicolás González Casares.** Houbo unha tramitación administrativa con técnicos. Eu estaba moi interesado. Eu teño a culpa política. Fóronse dilatando os prazos. Síntome frustrado con este asunto.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Cando pasou o que pasou, a enchenta, en vez de darnos caña a nós xustificaron a súa actitude con outros ataques. Ao mellor o Alcalde tiña que facer o que fixo o Rei?, cando cazaba elefantes....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Desculpas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Con humildade, si. Dicindo que isto non volverá a pasar e pedindo desculpas. Pero non atacarnos a nós. Agora mesmo, con humildade podían desculpase. Pide non interromper ao Alcalde, porque o que fai é que lles curta o discurso á oposición.

**D. Nicolás González Casares.** O día da enchenta chamei ao técnico ás 21 horas. Estaba en Santiago. Cando cheguei, queréndome vir, baixei ás 10,30 horas da noite, chovendo, ata a ponte. Dixen: teño que velo. Vin que non estaba. Asegúrolle que preocupado estaba, como se a montara eu.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ás 11,30 da noite chamoume sobre este tema. A ponte non estaba. Dou fe que andaba moi preocupado, se non me falla a memoria. Tíñamos pensado estar calados porque estabamos fastidiados. Estamos con iso. Refrescar a memoria.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A ponte estaba rematada ou non cando foi vela?

**D. Nicolás González Casares** Segundo o técnico si. As outras obras do expediente non. Estaba rematada a pasarela de madeira, pero non outras actuacións.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se estaba rematada a obra, como houbo unha nota de prensa na que se falou da colocación de que esta infraestrutura aínda non estaba finalizada?. Que tiveron que ver os veciños?.

**D. Nicolás González Casares.** Na nota prensa díxose que a obra total non estaba rematada. A pasarela si, pero había outras como un depósito de auga en Zobra, o mirador, o arranxo de camiños... Non estaba rematada en total.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A ponte si rematada.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A ponte si estaba rematada?. Pois si é así, sorprende a contestación e a nota prensa.

Que din os informes técnicos sobre a caída da ponte?. Quen van facer?

**D. Nicolás González Casares** Hai un informe técnico xa; logo vira outro máis extenso. A situación non habitual, temporal. Técnico pasarela ben colocada director obra. Decisións técnicas. Temos pedido asesoramento á Deputación, que nos din que se debe suspender, ponte municipal, pagará contratista se o técnico director obra di remada e colocada. Despois, noutro proxecto haberá que colocala no seu sitio ou noutro lugar. A día de hoxe non hai proxecto. Falei co Interventor da Deputación, e estamos mirándoo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** En resume, perdéronse 107.000 €.

**D. Nicolás González Casares.** Non son 79.000 €. Iso se pagará a Sergonsa con fondos propios ou doutra maneira. Do dito importe, 7-8-10 mil euros custará quitar a ponte de onde está e logo outros 70 mil en colocalo de novo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** En definitiva, o mirador e a ponte de Bustelos forman parte da recomendación decida a obra, fágaa e asuma as consecuencias. Tamén ten detractores, referíndose a unha persoa internet.

**D. Nicolás González Casares.** Deixe retirar a ponte. A decisión é parte. Non pasa nada.

Deuse por rematada a comparecencia.

#### **6.- EXPEDIENTE 280/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO EN RELACIÓN COA EXPROPIACIÓN FALLIDA POR PARTE DO CONCELLO DUNHA PARCELA EN PENARREDONDA (MONTE COMUNAL DE BERMÉS).-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción presentada no rexistro xeral do Concello o día 17/01/2018 co número de rexistro 300. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de xaneiro de 2018.

**D. Nicolás González Casares** empezou dicindo: Vou ser breve. Creo que o acordo é importante para os veciños e veciñas de Bermés e para a Comunidade de Montes de Bermés. Resulta que isto é algo moi vello. Tampouco é para contar cousas que pasaron fai máis de 20 anos pero o certo é que houbo conversas sobre este tema desde agosto de 1990 entre o Concello de Lalín e a Consellería de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia.

O 2 de decembro de 1992 Telefónica presenta o proxecto e urxe a tramitación da licenza.

O 18 de decembro de 1992 celébrase a Comisión Informativa na que se aproba o inicio do expediente de expropiación forzosa dos predios da Comunidade de Montes de Bermés.

O 3 de maio de 1993 na Comisión de Goberno acórdase a aprobación do convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para a instalación dun equipo repetidor do sinal da TVG facultando ao Alcalde para a sinatura do convenio.

O 14 de xuño emítese un informe técnico municipal sobre a licenza e di que as

obras non son incompatibles co PXOM, todo sen prexuízo doutras autorizacións, coma do Instituto geográfico–Ordenación do Territorio.

O 16 de xuño de 1993 entra no Concello un escrito da Dirección Provincial de Telefónica recordándolle ao Concello o de data 8 de outubro de 1992, indicando que teñen urxencia de obter a licenza para a construción da estación en Penarredonda e que ademais está prevista a inauguración co Presidente FRAGA, polo que teñen que ter toda a documentación.

Cinco días despois o informe do Secretario di "*Para a obtención da preceptiva licenza de obra haberá de seguirse previamente o procedemento establecido en aquel artículo que sinala entre outros requisitos os seguintes: Información pública do expediente por término de 15 días hábiles, con publicación no taboleiro de edictos do Concello e nun dos periódicos de maior circulación da provincia, debendo remitilo co seu informe á Comisión Provincial de Urbanismo*". Curiosamente sen exposición pública nin facer mención ao informe do Secretario no mesmo día a Comisión de Goberno concede a Licenza, algo moi chamativo.

Falabamos antes se nós fixeramos unha tramitación un pouco chapuceira. Home isto de saltarse todos os tramites da expropiación...Como se ve, non está ben feito.

Queda ahí a expropiación, é dicir, a pesar da valoración nunca máis se fixo nada. Era de 4.196,63 m<sup>2</sup> e a valoración que se facía de 100 pesetas. Falabamos en pesetas metro cadrado, dando un total de 419.660 euros que nunca se depositaron na Caixa de Depósitos e non se fixo ningún trámite máis para que a Comunidade de Bermés percibira iso. Nunca se fixo, ou aquí non consta polo menos. O Secretario di que non consta nada diso.

A día de hoxe a parcela está ocupada. *Retegal* ten ocupada a parcela con dúas antenas que usan outras cadeas de televisión nacional. Supoño que pagan polo uso. E fixo obras fora da correspondente parcela ocupando terreos da Comunidade de Montes de Bermés sen ningún título habilitante. Telefónica ten as súas instalacións coas que presta servizo con banda ancha, é dicir, que non só están os que inicialmente tiñan que estar, senón que alí crecen as antenas dun xeito irregular. E referímonos ao pasado.

O que queremos dende o grupo de goberno é que hai que recoñecer esta situación, que non se levou a cabo esta expropiación, que se inicio no pleno de 31 de decembro de 1992 e que, se non teñen ningún título habilitante, a parcela debe ser obxecto de expropiación ou, se non, mantela en perfectas condicións e permitir o seu uso prioritario para os fins que previamente foron establecidos.

Para o repetidor de TVG establecen un convenio sobre a parcela de 400 metros cadrados o 7 de xaneiro de 1992. En virtude dese convenio a Xunta de Galicia asina outro convenio con Telefónica de España para a extensión do servizo de telefonía o medio rural.

Telefónica remite escrito ao Concello solicitando unha cesión de parcela de 2500 metros. Para tal fin o 27 de novembro de 1992 hai un informe do técnico municipal sobre a relación de bens e dereitos para ocupar tres parcelas colindantes: unha para Telefónica, outra para *Retegal* e outra para o propio Concello.

No segundo punto do acordo pídese facultar ao Alcalde para a sinatura do correspondente convenio coa Comunidade de Montes nos termos previstos no anterior punto. É dicir, que se recoñezan á Comunidade de Montes de Bermés os seus

dereitos sobre esas parcelas que realmente se ocuparon sen expropiación previa, que se lles indemnice e que se faculte á Comunidade de Montes de Bermés para que tome as decisións pertinentes dunha parcela que é súa. Sen máis.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** Indica que a moción ten dúas partes. Unha para dar a entender que hai algunha irregularidade, e nada máis lonxe da realidade. Outra, a forma de solucionalo.

É un episodio máis do circo do goberno no Pleno. Busca ocultar a súa incapacidade xestora, tapándoa con este tema. O goberno coloca a idea de que no Pleno se acordou unha cousa pero logo se fixo outra. Neste tema non foi así.

Ao principio de 1992, antes de firmarse a cesión dos terreos e de permitirse colocar as antenas, encargáronse informes técnicos para a expropiación dos terreos, aprobándose en Pleno. Os técnicos intentaron saber quen eran os propietarios e non había titulares de ditos terreos. Non estaba clara a propiedade nin tampouco a que parroquia pertencían os montes. Coida mesmo que hoxe están colocadas algunhas antenas nos lindes de varias parroquias. Houbo un litixio sobre a titularidade dos terreos e mesmo a sentenza definitiva é de 16-11-2009. A clasificación do monte é de 2-5-2002. A Comunidade constituíuse definitivamente o 22-9-2005, dez ou doce anos despois de que en Pleno se acordase a expropiación de terreos sen titular coñecido.

Se en 1993 non se expropiaron os terreos era porque non había a quen expropiar. A partir de setembro de 2005 sería a Comunidade de Bermés quen tería que solicitar tanto a Telefónica como a Retegal ou ás empresas alí ubicadas, o abono da súa parte, se así o deciden, claro.

Indica dúas consideracións para xustificar o voto do seu grupo en contra. Primeiro: non fai falla que o Pleno recoñeza que non se levou a cabo a expropiación. Basta cun informe técnico dos que vostedes case todos os días piden, dicindo que non hai tal proceso; o resto é parte do seu circo. Se queren tamén traemos tamén ao Pleno por que non se rachou o auditorio de Vilatuxe, por que se perderon subvencións este ano de 300.000 euros, por que non se tramitou ben o tema do ENIL, é dicir, que o Pleno recoñeza que o goberno vai de chapuza en chapuza; en segundo lugar, imos votar tamén en contra porque coidamos que o Alcalde non necesita acordo do Pleno para firmar o convenio. Se fai falta, traia o convenio, debatémolo e votámolo, seguramente a favor, pero non pida un cheque en branco para un convenio que non coñecemos. Retírea, traia ao Pleno o convenio e falamos.

**Juan José Cruz García.** Entendo que polo río abaixo vai unha troita de pe, unha ponte e por aí van os cartos. Os convenios primeiros das Bandas de Música propostos por el, por Juan Cruz, non valían. Agora o Alcalde ve que con eles si se arranxan os problemas. Pode equivocarse porque a competencia pode ser do Alcalde e hai que decidir se se lle dá para adiante ou non ao convenio. Coida que poden ser asuntos de política, insignificantes, pero a verdade é que non se deixa de querer encher a prensa.

El non pode posicionarse se o Secretario non se posiciona. Esperará ao seguinte turno a ver se se posiciona o Secretario ou se sente desinformado. Eu tamén teño que actuar en consecuencia. Reitero que se dixó que faltaban fondos para as bandas de música e o convenio proposto por el. Parece que uns convenios interesan e outros non, depende de quen os pida.

**D. Nicolás González Casares:** Estaba sorprendido tras escoitar a Antonio. O primeiro é que non ten dono a finca; pero para o Concello si. Non se poden facer así as cousas, un día empezamos a expropiación, ao día seguinte damos licenza, sen

depositar cartos e sen preocuparnos de que os cartos cheguen aos donos. Isto está demostrado. Non se levou a cabo unha expropiación. Non se pagaron á Comunidade de Bermés os cartos. Se se di que logo se constituíu a comunidade, o lóxico era pagarlles eses cartos; non é lóxico acumular antenas, porque si que ten donos o terreo ou ben é de todos.

As empresas están operando e dan servizo ao rural. Algunhas teñen ánimo de lucro. Alí instálanse e o que se instala ten que saber que hai que recoñecer os dereitos. Non se pode dicir que votaremos en contra da moción no Pleno porque é extemporánea. Haberá que recoñecer que non houbo expropiación e pagar aos donos. É de xustiza vindo moitos anos explotando con fins extractivos de negocio o terreo. A parte de lucro das empresas pertencelles a ela. Creo que o primeiro é recoñecer que non houbo expropiación e logo facultar ao Alcalde a firmar o convenio nos termos en que se acorde. As mocións poden vir así ou traer a documentación. Por exemplo noutra moción do PP, que se tratará nesta sesión, é necesario pedir á Xunta de Galicia que autorice á Sociedade de Caza e Pesca facer batidas contra os xabaríns cando carece de competencias o Concello. Sexamos serios e axeitados cos dereitos dos organismos e organizacións cando se trata de pedir. Non se paga, non se deposita e non hai nada tramitado. Non se pagou. Iso é así. Digan ou non o digan. Hai que recoñecer e facultar ao Alcalde.

*Secretario.* Non hai expropiación. Este expediente debeu seguirse cunha persoa determinada ou con descoñecidos. Non hai título nin hai expediente de expropiación. En segundo lugar xa se verá a solución. Teño que pedir información e ver se hai Comunidade constituída, cando se formou e se son os propietarios dos terreos; os cartos se lles pagarán se teñen dereito. Eu teño que pedir información. De momento non a hai.

**D. Nicolás González Casares:** Máis claro auga. Deuse licenza de obras para colocar as antenas en terreos sen os quince días de exposición, sen consignar os cartos, nin pagar, cando tocaba facelo. Non fixestes nada e as antenas están alí. É algo evidente.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Pois denuncie, porque dá a impresión de que cometemos algunha ilegalidade.

**D. Nicolás González Casares:** No arquivo non hai documentación. Ogallá apareza algo máis. Eu non son arqueólogo.

**Juan José Cruz García.** ¿Pagouse?. Isto data de 1993. Pode contar tres anécdotas. ¿Hai irregularidade pero non ilegalidade?. ¿Hai dereitos sobre os terreos e a expropiación?. Cando se pagaron ás árbores Vilatuxe si que había dereitos. Hoxe si que están pagados.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** Cando se poñan da cordo empezamos. O que está claro é que se mellorou o servizo en televisión no rural. Por outro lado levouse a telefonía a moitas casas do rural que estaban sen servizo. Foi unha obra boa e necesaria. Os veciños si que firmaron cesión pero...

**D. Nicolás González Casares.** Si, firmaron, pero ocupastes os terreos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** En primeiro lugar dicirlle ao Sr. Secretario

que vemos hoxe neste Pleno que informes que tiñan que estar no expediente non estaban e que hai informes que o Sr. Alcalde se saca da manga cando quere. Pero isto é unha cuestión de orde ao Sr. Secretario. ¿Dende cando o Pleno ten que recoñecer se se tramitou ou non un expediente?.

O *Secretario* indica que este é un expediente do ano 1992-1993. El non estaba aquí e non coñece nada deste expediente. O que se fixo co persoal que está en Secretaria pero que non pertence a Secretaria é pedir información a RETEGAL, Telefónica e á Caixa de Consignación de Depósitos. Dos tres, contestou a Caixa Xeral de Depósitos sinalando que non hai expediente de expropiación. Do resto estamos buscando, pero non atopamos nada. Non atopamos moita información deste tema. Non se que se pretende de min. Está buscando información.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** Os técnicos da casa teñen que facer este informe que se pide na moción.

*Secretario.* Teño que comprobar. Só aclaramos que non hai expropiación. Aínda falta saber se estaba constituída a comunidade de montes e as licenzas que se deron.

**D. Nicolás González Casares:** Tiña que estar constituída. Non se asinou ningún convenio con eles.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** Do resto dos puntos, de firmar convenio e de facultar ao Alcalde ¿é necesario o acordo do Pleno para firmar todos os convenios?.

*Secretario.* Estamos buscando información. Non teño todos os datos. Non sei se está constituída a Comunidade de Montes. Se hai máis datos, haberá que velos.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** O lóxico é mirar e logo traelo a Pleno.

*Secretario.* Presentouse a moción ás dúas da tarde e ao día seguinte empezamos a mirar.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** O lóxico é ter a autorización da Comunidade de Montes e que logo veña borrador do convenio ao Pleno para firmar.

**D. Nicolás González Casares.** Non.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** O regulamento non se cumpre en algúns aspectos. Por exemplo no máximo de mocións a presentar, dúas ou tres. O regulamento temos que seguir aplicándoo, pero dun xeito flexible.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** A diferenza entre vostede e nós é que para nós a prioridade son os veciños de Lalín. Vostedes buscan nos caixóns a ver o que atopan.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Se me dedico a iso....

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Algo.

**D. Nicolás González Casares.** Ti es intelixente Antonio e sabes de onde ven a moción. Isto é moi vello.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Si, si.

**D. Nicolás González Casares:** Nin caixón, nin nada. É un tema vello.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.** Imos votar en contra. Nada temos contra os veciños de Bermés. Sabemos perfectamente como se pode resolver este asunto e as formas soterradas de traballar dalgúns. En todo caso no próximo Pleno, se queren traer o borrador do convenio, mirarémolo. Tamén nós no próximo Pleno imos presentar unha moción para pedir ao Alcalde que cando queira firmar algún convenio pida autorización ao Pleno e traia o borrador.

**Juan José Cruz García.** O Sr. Secretario é unha persoa simpática. A pesar das disputas imos terminar comendo algún cocido xuntos. Empeza dicindo que falta unha cousiña e logo faltaba todo ou case todo.

*Secretario.* Falta a expropiación por agora.

**Juan José Cruz García.** ¿Falta a facultade para firmar o convenio?.

*Secretario.* Todos os convenios non son iguais. Hai que ver o seu contido. Hai unha disposición de terreos e non hai inventario de bens; que quere que lle diga.

**Juan José Cruz García.** Estarei en contacto con vostede. Ao mellor aprendo algo vendo como se pronuncia vostede. Eu posicionareime tras ver como informa neste tema. A ver se podo aprender algo, se me ensina algo.

Na moción pedíase:

*Primeiro.- Que o Concello de Lalín recoñeza que non levou á cabo a expropiación cuxo expediente se iniciou no citado pleno do 31 de decembro de 1992 e, en consecuencia, que non ten ningún título habilitante sobre a parcela obxecto de dita expropiación.*

*Segundo.- Facultar á Alcaldía para levar a cabo a sinatura do correspondente convenio coa comunidade de montes nos termos previstos no punto anterior.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10), sendo (5) de CXG-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*

*Votos en contra: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, rexeitouse **a moción**.



**7.- EXPEDIENTE 278/2018. MOCIÓN DO PP PARA ESIXIR AO GOBERNO A INCLUSIÓN NO PLAN CONCELLOS 2018 DE TODAS AS INICIATIVAS PROPOSTAS QUE FORON APROBADAS EN SESIÓN PLENARIA E QUE ESTÁN A ACOMETER.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 17 de xaneiro de 2018 co número de rexistro de entrada 295. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de xaneiro de 2018.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O que pretendemos coa moción é dicirlle ao goberno que neste ano 2018 a Deputación xuntou o Plan Concellos dos anos 2018 e 2019 nun único Plan. Vemos na prensa que hai unha cantidade importante de diñeiro. Queremos que no mesmo vaian aquelas obras aprobadas en Pleno que se relacionan na moción, algunha é do edil non adscrito. Estou disposto a aclarar isto. Citou a compra de parcelas en Cercio, e aquelas obras aprobadas e que están sen executar. Pide que todas se teñan en conta. O motivo, razoando, é que hai un acordo plenario, por maioría absoluta ou mesmo unanimidade nalgúns casos, xa que votou a favor o goberno. Queremos que etas obras se recollan no Plan Concellos. Todas están ben referenciadas e todas se aprobaron no Pleno neste mandato, votando a favor o goberno nalgunhas delas.

¿A moción inclúe todas estas e as aprobadas desde 2015?, Preguntou o *Secretario*.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si. As aprobadas por maioría absoluta. Pode haber algunha mais.

**Juan José Cruz García.** Todas as que están aprobadas por maioría deste Pleno sería de agradecer que se teñan en conta, entre eles os catro alcantarillados, Vilanova, Xesta, Cadrón, Botos, falar da traída de augas a Bustelo, dos camiños da Carballeira, de Alperiz, do punto captación fonte Parada e das casas de Muimenta. Facemos unha enumeración.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Ímonos abster como intención de voto, non imos apoiar todas as obras. Temos pensado realizar algunhas; outras é máis que evidente que non as imos realizar.

A moción é de calado e importante. Argumentan isto como se non pasara nada. Vai no dique de flotación do goberno para impedir levar o seu proxecto a cabo. Falan de esixir, non de ter en conta con esa alegría de que todo se aprobou no Pleno. Incluso o cuantifican por riba dos dous millóns de euros, aproximadamente. A maiores todas as de 2015 en adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non imos elixir unhas e rexeitar outras, por empregar unha linguaxe diplomática. A moción é a que é.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Cuantifícase a proposta en dous millóns polos técnicos. Todas as que se aprobaron. Non é tan fácil. O mandato son dous anos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O mandato é 2018-2019.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** É unha moción política. A estratexia é deixar sen capacidade de xestión a este goberno, para evitar que poida facer realidade o deseño de goberno programado e cumprir os seus compromisos adquiridos. Vostedes gobernan desde 1979. Choca moito que falen de apocalipse se non se fai o que piden. ¿Por que non se fixeron estas obras no seu momento? Algunhas non se van facer. Para vostede é mellor facelas con cartos públicos e mesmo que se volva a actuar sobre as mesmas. O que está acordado con vostede non ten debate. Pero o demais que meten aí, nós non o imos incorporar, porque queremos facelas con recursos propios, por exemplo algunhas pistas. É curioso como cando gobernaban vostedes non facían caso ás propostas da oposición, pero agora son maioría. É evidente. As cuestións hai que falalas. O que se di na moción é contraditorio cos debates anteriores. A ponte de Bustelos seguramente non vaia por esa liña, pero hai un compromiso de arranxala. En todo caso, a cuantificación supera a cantidade asignada para estes anos. Segundo vostede, guste ou non guste, o que entendemos, debemos facelo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Nós presentamos as mocións que consideramos oportunas. Se o queren facer, ben. Se non, actuaremos en consecuencia. Abstéñanse. Aínda que votaran a favor, non as ían facer igual.

**Juan José Cruz García.** Reiterar coma sempre os incumprimentos plenarios esaxerados. Eu podía xudicializar o Pleno, pero tomei a decisión de ir esperando. Agora ábrese a veda e poden vir disparos aos paxaros por calquera lado.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Unha cuestión son os compromisos froito da negociación. O goberno ten vontade inequívoca de cumprilos. Outra cousa son os acordos da maioría absoluta ilexítima que existe neste Pleno. Son cuestións substancialmente distintas. Ademais vostedes empregan o argumento de que a quen lles tocaba gobernar era a vostedes. A nós tamén nos toca. Ese importe sobrepasa a capacidade das partidas que se conceden. É lexítimo pedir isto, pero non deixar sen capacidade a este goberno. Este goberno sería irresponsable facendo todas estas obras e non poñendo o acento en cuestións de interese xeral.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Entendo o debate político. Non somos listos, pero tontos tampouco. Hai obras aprobadas por unanimidade e non fan caso delas. Nós estamos lexitimados. Lembra que para aprobar o orzamento en Madrid hai que facer encaixe de bolillos e logo a ver se sae. Para sacar o orzamento hai que ter moitos ovos, de persoas, de animais, de galiñas. Hai que ter “tempero” de moitas cousas. Como din os “cambotes”: “hai que dar e tirar”. ¿Sabem o que significa? Algúns gobernos, como o de Rajoy, teñen que telo en conta. A moción faise non para fastidiar, senón que é unha moción política e por obriga.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Por alusións. Hai acordos plenarios, coma no caso do Polígono, no que un dos puntos introducidos era solicitar a reunión coa Deputación e co Conselleiro. Nós agardamos que con varias actuacións poidamos financiarlas con cartos doutras administracións e mellorar as peticións e as necesidades dos veciños. Hai unha contradición na moción.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Evidentemente hai moitas peticións. Por exemplo ,

estes días tivo reunións cos veciños por varios temas que son complicados, coma o tema de sanidade. O tema do solar en Cercio queremos facelo e nalgúns actuacións coincidimos, pero noutras non. Hai bo grao de coincidencia en varias. Déixenos a nós tamén facer porque estamos lexitimados. Entendo como Paco, hai maiorías lexitimas e outras maiorías ilexítimas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC.*

Xa que logo, **aprobose a moción do seguinte tenor:**

A finais do pasado ano, os concellos da provincia de Pontevedra coñeceron a decisión do goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de colocar no plan Concellos 2018 as consignacións para obras de dous exercicios, adiantando a cantidade correspondente ao 2019, co que o montante económico deste plan sumará 2.630.897 euros no caso de Lalín. Unha cantidade que implica que co plan provincial deste ano deberán chegar os concellos ata o remate do mandato e, por tanto, a executar todas as previsións que os concellos teñen sobre a mesa, tanto aprobadas como pendentes de realización.

Nos dous últimos anos, o Partido Popular propuxo unha serie de melloras en diversas infraestruturas do casco urbano e do rural que afectaban a saneamentos, instalacións deportivas, viarios, polígonos industriais, auditorios, etc, que foron aprobadas por maioría nuns casos e por unanimidade noutros, por parte da corporación municipal. Propostas, moitas de elas, solicitadas e requiridas polos veciños e que obtiveron o apoio maioritario da corporación, pese ao que están aínda sen acometer e na maioría dos casos sen iniciar a súa tramitación.

Unha relación de obras que se recolle na seguinte relación:

- **Arranxo no pavillón municipal:** Dotar á pista de cemento do pavillón municipal dunha nova superficie de xogo máis moderna e acaída á práctica deportiva que a actual. Proceder á separación das pistas de goma e de cemento cun cerramento definitivo que substitúa ao provisional ca que conta na actualidade. Delimitar, unha vez substituída a superficie de xogo da pista de cemento, tres pistas de mini-deporte ao ancho do pavillón 2 con porterías e canastras de baloncesto ancoradas e fixas que permitirían unha maior optimización da superficie do pavillón municipal. Aprobado por unanimidade, co voto a favor do grupo de goberno.
- **Compra de parcelas en Cercio para anheado da EP-6007 e para a construción dunha praza pública:** Compra dos inmobles e da parcela da antiga casa de Ismael en Cercio, que na actualidade se atopa abandonada, para proceder á súa cesión á Deputación de Pontevedra co fin de que esta mellore o trazado da estrada EP-6007 nese punto que presenta complicación circulatorias e de seguridade viaria. O

que non fose necesario para a mellora do viario podería ser utilizado para outros usos da parroquia como o citado de aparcamento. Proceder á compra da parcela situada enfrente da Igrexa de Cercio e paralela a EP-6007 para a construción da Praza pública cunha pequena zona infantil. Votado en contra polo grupo de goberno.

- **Arranxo das pontes de Sestelo e Cristimil.** Elaboración dun proxecto para a reconstrución das pontes de Cristimil e Sestelo sobre o río Asneiro que contemple a adecuación dos camiños que acceden a ela. Que se dote economicamente unha partida para o arranxo das devanditas pontes e dos viarios de acceso como solicitaron os veciños das parroquias afectadas. Votada en contra polo grupo de goberno.

- **Construción de novas depuradoras en Prado e Vilatuxe.** Novas infraestruturas que substitúan ás actuais que se atopan nun deficiente estado e obsoletas. Votada en contra polo goberno.

- **Acondicionamento de pistas en zorra que non se acometeron e que tamén foron pactadas a cambio de botalas a favor:**

- ALBARELLOS-PISTA DO MEDIO DO AGRO
- DOADE-DEPÓSITO AUGA DE CODESEDA
- CAMIÑO DO COTO (CASAS NOVAS-GOIÁS)
- COTARELO-BALLOTE
- PARADA-MUIMENTA
- IGREXA (PARADA)-PONTE DOS CABALOS
- CERCIO-XUNTO AO CAMPO DE FÚTBOL
- ANZO-LATERAIS DO AVE
- VILAR (SOUTOLONGO)- BOTOS (SESTELO).
- SAN XORXE (CRISTIMIL)-MONTE DE PENAS.
- ALPERIZ-GRANXA DE GARCÍA.
- COTARELO-SOUTO, por onde a antiga fábrica do pan de saipo.

- **Saneamentos de Botos e Cadrón.** Propostas polo Concelleiro non adscrito e aprobada cos votos favorables do Partido Popular. Trataríase de realizar os proxectos e dotar de partida para a execución do saneamento íntegro dos lugares de Sestelo, Ribeira, Vilar, Somoza, Padrón, Vilamaior e Ateán da parroquia de Botos e tamén os lugares de Lamas, Cadrón e Castelo na parroquia de Cadrón. Votada en contra polo goberno.

- **Caldeira do auditorio de Vilatuxe:** En xaneiro de 2017, a corporación aprobaba a instancias dunha iniciativa do Partido Popular a instalación dunha caldeira no auditorio municipal de Vilatuxe e o correspondente sistema de calefacción, para a substitución do sistema de acumuladores. Un ano despois, e con múltiples desculpas polo medio, o auditorio segue sen a nova caldeira.

- **Saneamentos en lugares das parroquias de Losón, Goiás, Filgueira, Vilatuxe e Lalín de Arriba:** Propostos polo Partido Popular no pleno do mes de setembro de 2017 e aprobados pola corporación os saneamentos aos lugares de Devesa de Arriba, Devesa de Abaixo, Milleirós, Outeiro, Souto, Brenzos de Arriba, Brenzos de Abaixo e San Martiño da parroquia de Losón; Cáceame, Delaparte, Casares e Palmaz na parroquia de Goiás; Soutullo, en Anseán; Hermida, Ribas Altas e Cima do

Alle na parroquia de Filgueira; Barciela, Varela, A Torre, Saborida e Balagosa na parroquia de Vilatuxe e Outeiro e Alfonselle na parroquia de Lalín de Arriba.

- **Arranxos necesarios no Polígono Lalín 2000:** Despois de tres meses sen novas sobre negociacións coas entidades supramunicipais para acometer arranxos necesarios no Polígono Lalín 2000, e como queira que na moción aprobada no pleno de outubro se contemplaba: *“Que o Concello de Lalín, no caso de non chegar a ningún acordo nas negociacións cas entidades supramunicipais, habilite unha partida con fondos propios para a realización das citadas obras de mellora do Polígono Lalín 2000”*. Estas melloras solicitadas pola patronal a contemplar dentro do Plan Concellos 2018 serían: a retirada dalgunhas illetas das rúas da parte norte do polígono que dificultan a circulación de vehículos de gran tonelaxe, reparación de bordiños e beirarrúas e a mellora do alumeadado e sinalización; así como, á dotación de aglomerado naquelas rúas que o precisen.

- **Obras en Bendoiro, A Veiga e Prado.** Aprobadas no pleno de decembro, tamén está pendente de concretar os traballos aprobado en sesión plenaria consistentes no:

Asfaltado do camiño de Vilaso.

Reafirmado dos citados viarios no lugar de A Veiga, solicitados polos veciños desta parroquia.

Ancheado do acceso ao lugar de Praduxao e construción do muro de contención na marxe dereita de acceso.

- **Arranxos do Auditorio Municipal.** No mes de setembro de 2017 aprobábase unha cantidade de 62.000 euros para acometer unha parte dos arranxos do Auditorio Municipal que estaban pendentes dende o mes de febreiro, asumindo o goberno que para o remate do arranxo dos danos quedaba unha cantidade aínda significativa. Cantidade que debería ser incluída no importante plan de obras

Como queira que as anteditas obras e melloras contaron co apoio maioritario da corporación, considerando que o Plan Concellos de 2018 recollerá os cartos do organismo provincial ata o final do mandato e tendo en conta que o Plan Provincial supón unha parte moi importante do orzamento de investimentos do Concello, é polo que o Partido Popular presenta ao pleno a seguinte proposta de

#### **O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Esixir ao goberno municipal que recolla no Plan Concellos 2018 a consignación económica necesaria para acometer a realización dos proxectos e a execución material das anteditas obras, propostas polo Partido Popular, xa aprobadas pola corporación municipal e solicitadas polos veciños.

#### **8.- EXPEDIENTE 279/2018. MOCIÓN DO PP SOLICITANDO Á XUNTA E Á SOCIEDADE DE CAZA E PESCA DE LALÍN QUE CONTINUÉN CAS ACCIÓNS DE CONTROL DA FAUNA SALVAXE PARA MINIMIZAR OS DANOS CAUSADOS EN CULTIVOS E PRADERÍAS.-**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 17 de xaneiro de 2018 co número de rexistro de entrada 296. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de Comisión Informativa de Facenda,

Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 22 de xaneiro de 2018.

**D. Manuel Fernández López.** Espero un consenso neste tema dos danos ocasionados no rural polos xabaríns. Este animal arrasa todo por onde pasa. Todos os gandeiros están afectados. Xa presentei algunha moción máis sobre isto. O millo é o grande problema do rural e dos gandeiros. No mes de maio houbo unha reunión co Director de Patrimonio e coa Sociedade de Caza para falar destes problemas. Dixo que se farían todas as batidas necesarias, as que fixeran falta. Logo pasou que a Sociedade de Caza non tiña os permisos. Uns dunha maneira, outros doutra e a culpa de ninguén. Isto de pasarse as pelotas non debe suceder.

Toda esto que pedimos pode facerse agora que estamos co tempo máis fresco. Logo non se pode controlar porque hai crías; despois seméntanse os campos e hai dano no millo.

Facemos moitas denuncias e estamos cansados desta situación. Isto non é novo. Unha vez máis a Xunta de Galicia e a Sociedade de Caza están de acordo: hai que solucionar o problema. Non pedimos que se acabe cos xabaríns, pero si que se reduzan os danos ao mínimo para evitar máis desastres. Estamos cansados desta situación. Non hai que pasar as pelotas aos tecores e estes á Xunta de Galicia. Os gandeiros si que non teñen a culpa. Que se senten e falen. A nós o problema obríganos a protestar. O PP vai estar atento a isto. Entendo que deben facerse batidas ata que os danos se reduzan ao mínimo. Porque o dano cero non existe.

Un recado aos animalistas que acudiron o día vinte deste mes a Dozón. Pídlles que escoiten á sociedade, que anden polo rural e que miren os danos e a situación. Dentro de pouco con tantas protestas tampouco se poderán matar vacas. Ata que punto estamos chegando.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Refírese ao do Zorro.

**D. Juan José Cruz García.** Pido que fales, Alcalde. Quédate coa moción. Quero saber que opinas do censo de xabaríns na zona. Se podes falar do tema dos ecoloxistas de Dozón, e como te postulas no Campionato do Zorro. ¿Vas xogar ao zorro? ¿Pódeste postular publicamente sobre o Campionato do Zorro que houbo en Dozón?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Felicitalo pola súa intervención.

**D. Nicolás González Casares.** É evidente que os gandeiros padecen danos, perdas cuantiosas que van no balance da explotación. As cantidades de millo son menores. Ao problema hai que buscarlle unha solución. Esta non son as batidas. O resultado non beneficia aos gandeiros. O problema crece, ben ou mal; Habería que face un censo de xabaríns ou de corzos. Hai máis que antes.

Sobre a caza do raposo, veñen a matar a Dozón, matar como deporte. Cos animalistas eu non estou de acordo en facer competicións de caza de raposo e de xabarín. Un campionato como deporte para cazar estes animais non me parece correcto. Habería que reclamar á Xunta de Galicia que planifique e estude con datos reais a situación e ver se hai que facer batidas. Coida que isto non se soluciona coas batidas, porque estas son coma os coidados paliativos.

Co lume o monte está máis limpo. A Deputación axuda, pero non se limpan os montes. Se coidades entender estas situacións é que non coñeces ben o rural. Vai mellorar o tempo e recomendo ás persoas vaian darse unha volta por aí.

**D. Manuel Fernández López.** Os xabaríns van crescendo. Co tempo cada vez se fan menos batidas e cada ano mátanse menos ou non se matan. ¿Non saen ou non se ven os cazadores? Non se fai ben e hai cousas que non entendo. Os cazadores din que non teñen os permisos e no seu tempo libre van ao monte unhas trinta persoas en cuadrilla e non cazan nada. A semana pasada viron dez xuntos. No se trata de abrir a caza e logo de cerrala, porque logo veñen as crías despois en agosto e ven o calor. Hoxe moito non se pode facer. Se agora co tempo fresco se permite a caza, atallamos o problema. Hai cousas que pedimos, aparte de facer outras cousas co monte que non se fan da noite á mañá. Agora trátase de facer moitas batidas de xabaríns, constantemente. Se esperamos a que se planifique o monte e se aprobe a lei e outras cousas, non se consegue nada.

Con esta situación os gandeiros deixaremos de botar millo e herba e plantaremos eucaliptos. Iso e a grande pena. Desta situación o Concello non ten culpa. As mocións que se presentan diríxense a preservar o millo. Pedimos que apoiem pedir á Xunta de Galicia que tomen as medidas necesarias. Despois diso virá todo o demais. Pero agora como mínimo facer batidas de xabaríns constantemente, e logo planificar o monte.

O que di Nicolás, aparte. Cada cousa no seu lugar, non se debe solapar, nin pasar a pelota a todo Dios porque os gandeiros perdemos. As cousas un pouquiño máis claras. O certo é que non dan autorizacións.

**D. Nicolás González Casares.** É difícil falar do cancro sen falar do tabaco. O problema ven de varios anos. ¿Quen gobernou na Xunta de Galicia? ¿Quen ten a iniciativa de planificar?, ¿quen o ten que facer? A Xunta de Galicia. Como non hai planificación, hai conflito no monte e no mundo rural e máis xabaríns que hai dez ou trinta anos. Coñezo o medio. Vemos unha foto aérea dunha parroquia de hai 40 anos e a vémosla agora, observamos que hai máis monte que antes e que os cultivos se abandonaron, habendo agora monte e unha zona de vida dos animais. Hai o problema tamén coa demografía. O problema ou o atallamos de raíz ou irá pasando. Eu quero batidas, porque solucionan os problemas. Pero ano tras ano, non. Hai que controlar a fauna en base á planificación. Non se pode autorizar este sábado batidas en Castro, porque Manolo veu eses días xabaríns, porque eses animais estaban en Castro e ao día seguinte en Cercio. Non hai animais estables. As batidas non son a solución. Si ás batidas, pero non son a solución.

Non lle pedimos á Xunta de Galicia que tome medidas. Na moción non vai iso. Só se pide que se maten máis animais. Gustaríame ver en ti a alguén preocupado por adoptar medidas que de verdade fosen á orixe do problema, pero non nos atrevemos. Ti dixeches, moita xente deixa unha cousa e toma outra por subsistencia. Eu enténdoo, pero estamos agravando o problema.

**D. Manuel Fernández López.** Estamos mezclando todo co problema. Non debemos caer na trampa. Quen non ten os permisos é a Sociedade de Caza e non hai que tirar pelotas un lato ao outro. Está de acordo en planificar e na limpeza dos montes. Nada en contra. Pero cada cousa no seu tempo: agora ten que haber máis batidas e non mezclar todo. Non quere que a Xunta de Galicia nin a Sociedade de Caza se pasen a pelota. A Xunta de Galicia ten responsabilidade, e grande. Hai que traballar. Agora non hai que mezclar unha cousa con outra.

**D. Nicolás González Casares.** Ti mezclaches o dos xabaríns co dos raposos.

**D. Manuel Fernández López.** Non teñamos máis dor de cabeza. A moción é a que é. Outras mocións poden prepararse. Eu pido unanimidade. Temos un problema co xabarín e o sistema máis rápido para atallalo é facer batidas. Todo o demais agora non procede.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Recibín varias queixas estes días no rural, veciños de Rodís que estaban desesperados. Comparto algo, aínda que vou ser tranquilo. Á xente coma ti o monte interésalle. ¿Leccións diso?. Sorprende que se pida á Xunta de Galicia, que o PP pida determinado tipo de cousas, coma se non tivese nada que ver. Falamos dos animalistas. Non me gustan as escenas de caza do raposo que parecen do século XIV. Poden facelo doutro xeito. Respecto ás persoas que non o fan. Semella a caza de raposo no Reino Unido. Os animalistas nos criticaron pola Matanza do porco tradicional porque o porco que xa chega morto. Non se fai nada fora da norma. Non se acoitela e faise con permisos e cúmprese a lexislación autonómica. A moita xente non lles interesan os animais. O monte é diferente.

**Manuel Fernández López.** Propoño facer a partir de agora o Cocido sen carne.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10) do PP.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: once (11), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG, unha (1) da APAC e e unha (1) do Concelleiro non adscrito.*

Xa que logo **aprobose a moción do seguinte tenor:**

No mes de maio de 2017, e cando xa se tiñan producido os primeiros danos pola acción do xabarín, o concelleiro do Partido Popular que asina a presenta iniciativa, mantivo reunións coa directora de Patrimonio Natural e co presidente da Sociedade de Caza e Pesca de Lalín para que a administración e colectivo de cazadores activaran as medidas necesarias, e contempladas nos plans de control de danos por fauna salvaxe, para minimizar os danos producidos por estes voraces mamíferos.

O compromiso acadado por administración e asociación deportiva lalinense, tendo en conta o status especial de Lalín en relación ao xabarín, foi o de traballar en conxunto ambas para tentar minimizar, xa dende o inicio da campaña, os danos provocados por este animal. Uns autorizando as batidas que se solicitasen, e o outro tramitando as peticións e organizando as batidas necesarias.

Dende o Partido Popular entendemos que o control do xabarín, en zonas como a nosa en que provoca importantes danos ás plantacións, é unha cuestión que se debe abordar dun xeito coordinado entre a consellería de Medio Ambiente, que outorga permisos e xestiona as accións de control da fauna, e a Sociedade de Caza e Pesca ou os Tecores, que son os que coñecen a situación dos montes, o censo de animais e que leva a práctica as accións de control.

Partindo da premisa anterior, os populares entenden tamén que en zonas como



Lalín e a comarca de Deza, cunha casuística particular, as accións de control e as batidas deben realizarse ao longo de todo o ano, non só en período de plantación, crecemento e colleita das gramíneas, cando xa é imposible facer un control rigoroso do número de animais e menos minimizar os danos aos gandeiros.

Unha acción continuada ao longo de todo o ano que nestas datas aínda se xustifica máis ao persistir as denuncias dos gandeiros e agricultores por danos do xabarín nas súas praderías.

En vista do anteriormente exposto o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Instar á Xunta de Galicia e á Sociedade de Caza de Lalín a que artellen as medidas necesarias para continuar co control dos danos producidos polos xabarín durante todo o ano, mentres non remitan os casos de destrozos en cultivos e pradeiras.

#### **9.- EXPEDIENTE 193/2018. MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ADSCRITO SOBRE A PUBLICIDADE DO CONTRATO CELEBRADO POLO CONCELLO COA EMPRESA ACCIONA.-**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral-electrónico o día 11 de xaneiro de 2018 co número de rexistro de entrada 18. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable** da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 22 de xaneiro de 2018.

Na defensa da moción, **D. Juan José Cruz García** comezou dicindo que o 01/09/2017 non aplica o goberno a normativa da transparencia nos contratos. O seu grupo decidiu investigar isto. A lei de transparencia no art. 81.1. di que as Administracións públicas teñen a obriga de publicar todos os contratos, indicando o obxecto, importe licitación, adxudicación, instrumentos, nº licitadores, participantes, identidade adxudicatario, modificacións do contrato, igualmente as decisión asistencia e a renuncia de contratos así como a publicación de información de contratos menores. Así mesmo os datos estadísticos, porcentaxe e volume de contratos adxudicados por cada procedemento. Temos serias dúbidas de que fosen publicados os anuncios dos contratos nas plataformas que di a lei. Demandamos informes sobre as posibles ilegalidades que se están a cometer.

Estamos nun mundo transparente en que cada contrato debe publicitarse no Ministerio Facenda. Temos serias dúbidas de se estivo alí publicitado e se puido consultar ou non.

A transparencia non é unha seña de identidade deste goberno. Interesan todas e cada unha das ilegalidades e incumprimentos de ACCIONA e as denuncias deste concelleiro non asdcrito. Hai simpatizantes do grupo goberno que opinan que o executivo debера valorar seriamente finiquitar o contrato con ACCIONA. El solicitou informes para que aclaren se houbo publicidade nos contratos, na plataformas dixitais e administrativas e se o publicitaron en consecuencia. Dubida se foi publicitado no Ministerio de Facenda en tempo e forma. Solicita copia das ilegalidades e dos incumprimentos polas que se lle abreu un expediente, tras as súas denuncias.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pide que conste en acta as ilegalidades mencionadas.

O Sr. Secretario tomou a palabra para indicar que había dúas mocións. Esta primeira referíase ao anterior contrato no que houbo un proceso contencioso e no que a parte demandante desistiu. Pediu o expediente o PP. Estaba publicado no DUE, no BOP, no BOE....

O Sr. Alcalde-Presidente cortou a palabra ao Sr. Secretario. No é necesario, temos todos claro isto. O concelleiro ten outras intencións.

O Sr. Secretario dixo que era para aforrar traballo.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Desde o PP indicar dous detalles: un de fondo e outro de forma. Sobre o fondo estaban a favor de que se fixeran informes sobre as actuacións municipais. Non debíamos chegar a isto. Debíamos contar con elo para realizar o noso traballo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Desde o PP faciades isto.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Respete e non me interrompa.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** E que son sensible a este tipo de cousas. Desculpas.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Faime perder o fío. Estamos a favor de facilitar os informes, de contar cos expedientes completos e de que atendan as solicitudes. Coidamos que non se debeu chegar a isto. Hai que facilitar o seu traballo. Sobre o tema, sorprende que nun contrato desta entidade só acudise unha empresa. Ían apoiar. Na forma non estaban de acordo.

En canto ao pé final, onde di: copia das ilegalidades, entende que xa houbo un debate semántico entre ilegalidades e irregularidades. Había que medirse coa terminoloxía e precisala. O incumprimento era unha anomalía. Non procedía a ilegalidade neste momento. Se retiraba a palabra copia ilegalidade do texto da moción, non hai problema en votar a favor.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vostede fala de debate semántico. Iso estaba ben, pero se estaba poñendo ás empresas en indefensión en cuestións non tan semánticas. Como recomendación ao compañeiro da corporación díxolle que era mellor que fora do Pleno se dese conta de determinadas cousas. Non era semántico o debate. Había una indefinición dos términos que non debían afectar ás empresas porque podían entenderse como ilegalidades. Díxoo a modo de recomendación.

De novo **D. Juan José Cruz García.** Eu non teño problemas Véxovos moi brandos. Atizáronvos duro e agora sodes brandos. A min nin me van nin me veñen eses temas. Hai probas de que o PSOE de Lalín vos acusou de ilegalidade, de amiguismo e enchufismo. Mesmo o Alcalde falou de ilegalidades en Vilatuxe. Agora é bo. Dáme igual falar de ilegalidade ou de irregularidade, no fondo é outro traballo a xustificar diante dun xuíz. Sodes brandos cando eles acusaron a Pepe Crespo de amiguismo e enchufismo. En rogos e preguntas preguntarei por persoas que acaban de entrar a traballar no Concello. Non é o momento de abrandar. Déronvos por todos

os lados. Teño esta sensación. Fora diso o Sr. Alcalde demostrará se sabe ler.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Nós facemos isto para facilitar que o edil teña o informe. Sabemos defendernos nós, sen recorrer a ninguén. Só queremos avalar a moción para ter o informe que pide. Pedimos a rectificación anteriormente sinalada.

**Juan José Cruz García.** Está por demostrar se o podo pedir. Unha persoa do Concello mo nega. Eu teño a potestade. Non o da o Sr. Alcalde de xeito recorrido ou recorrentemente. Hai un traballo de transfondo. Imos ver quen nega o acceso á información. Agradezo moitísimo o apoio do PP. Hai un transfondo subliminar cando se trata de pedir e de dar a unha persoa. O que non dá é o Alcalde.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC.*

Xa que logo, **aprobose a moción do seguinte tenor:**

Juan José Cruz García, que abaixo asina, como concelleiro non adscrito da corporación municipal de Lalín presenta para o seu debate e aprobación unha moción sobre o contrato da empresa Acciona para coñecer se se cumpriron as obrigas de publicidade e aclarar se os incumprimentos da empresa foron subsanados ou se deben adoptar medidas.

Ademais de que precisamente o 09-01-2017 se publica en prensa que o desgobierno do **Concello de Lalín non aplica a normativa de transparencia**, o noso grupo de traballo expón, en relación á publicidade dos contratos:

"A Lei 19/2013, 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no seu artigo 8.1 a) tamén obriga ás Administracións públicas a **publicar todos os contratos**, dicindo o seguinte:

Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público".

Nun "mundo legalmente transparente" debería cumprirse integramente a

legalidade; creo que estes datos se remiten (non sei si puntualmente, e nunca para os contratos menores) ó Ministerio de Facenda, e seguramente poderían consultarse alí. A última xunta de goberno local que colgan este desgoberno intransparente é de marzo, a ver... poden palanganear, remachar sobre remache, etc, pero facernos parvos aos lalinenses non é tan fácil.

Ademais teño moito interese en acadar copia das ilegalidades-incumprimentos da empresa Acciona polas que se lle abriu expediente despois da denuncia deste concelleiro non adscrito. A modo de curiosidade comentar que chámanos moito a atención que simpatizantes do grupo de goberno xa teñan a ben pronunciarse publicamente co argumento de que o executivo está valorando moi seriamente **finiquitar o contrato con Acciona**, supoñemos que polos incumprimentos da empresa.

En base ao exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Que o Alcalde de Lalín informe e que aclare onde esixen as leis vixentes publicar o contrato coa empresa Acciona, dito informe nos aclare en que plataformas dixitais e administrativas ten obriga legal de publicalo (e se publicaron en consecuencia poder consultalo), que o informe aclare se o contrato está publicado no Ministerio de Facenda.

E de non telo publicado, as consecuencias xurídicas para os responsables políticos de non facelo.

Solicítase ao Alcalde copia das irregularidades\incumprimentos da empresa Acciona polas que se lle abriu expediente despois da denuncia deste concelleiro non adscrito.

**Juan José Cruz García.** que conste en acta o que dixen ao PP.

O Sr. Secretario. Basta de bromas. A acta fágoa eu.

**Juan José Cruz García.** Conste en acta que o Secretario vai omitir o que pedín.

O Sr. Secretario. Non dixen iso. Dixen que a acta a fago eu.

**Juan José Cruz García.** Que conste en acta que o Alcalde negou informes que podía darme e que ten facultades.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Falacias.

**Juan José Cruz García.** Que conste en acta que o Alcalde di que é mentira o que dixen na última afirmación.

#### **10.- EXPEDIENTE 232/2018. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA AS MEDIOS DA EMPRESA ACCIONA POSTOS A DISPOSICIÓN NO CONTRATO CELEBRADO CO CONCELLO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral-

electrónico o día 15 de xaneiro de 2018 co número 23. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable** da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 22 de xaneiro de 2018.

**Juan José Cruz García.** Esta moción non é igual que a anterior. A primeira era sobre a publicidade e a falta transparencia. Agora quería debater sobre o número de traballadores que actuaron desde o principio nesta empresa Acciona. Xa houbo incumprimentos recoñecidos. A min paréceme excesivamente pouco cuantiosa a multa, cando este señor, o Alcalde, puxo a parir á empresa polos traballadores. Había que ver o tipo de contrato, o tipo de titulación e o número de traballadores esixe o prego.

Temos motivos para crer que o Alcalde tivo a ben decretar, se é verdade, para a expoñelo diante dun xuíz.

No contrato dos xardíns hai numerosos incumprimentos. Valoráronse os contratos á baixa. O problema foi a proposta da empresa que era totalmente irrisoria. Non entendemos unha proposta de factura con alugueres por mes con prezos baixos no mercado que non alcanzaban o 5 % do valor de mercado. Podía entenderse como baixa temeraria. Así se tratou desde o Concello. Alguén tivo que informar isto. Resulta rarísima a proposta da factura con alugueres de motoserras dun euro/mes e desbrozadoras. Non houbo ningún problema en sacar adiante este contrato e contratar con esa empresa. Se nese momento había baixa temeraria ou non, nós estivemos ao límite da lei. ¿Quen a avalou? Dirán que foi un técnico. Chegado o momento, se o avalaron, saberase por que, como e baixo que condicións.

Hai moitos indicios para desconfiar do funcionariado do Concello que está investigado. Dá bastante que desconfiar. Ante todo, debo seguir analizando, non me parece mal que un xuíz cite a diferentes persoas por agravios e por culpa de decisións interesadas ou non interesadas. ¿É legal contratar unha proposta na que os alugueres son dun euro ao mes? Non o teño nada claro e outras persoas eruditas din que non é legal.

Temos claro que fallan os técnicos. A ver se van fallar nesta temática!. Alguén terá que asumir os erros, coller maletas e ir para casa. Dimisión ou léveme diante do xuíz. Mire como remata a moción. Vou ir diante do xuíz. Nunca estiven máis contento de poder presentar estas mocións. É un momento novo na política. Terán que medirse os funcionarios e estar moi finos no seu traballo. Este concelleiro vai xogar no límite con calquera ao que se lle presuma irregularidades. Pido apoio para que estes informes se fagan. Irá diante do xuíz cos informes que fagan, como outros feitos a dedo ou non que se fan, teña acceso ou non. ¿Recordades o informe de Celso Taboada?. É moi interesante que se dirixan a eses dous. Eu non dixen que se dirixiran a eses dous. Dixen que había informes que estaban baixo un caixón e posiblemente noutros departamentos. Diríxense a eles para negar informes.

Outra cuestión. Vai haber que regular os informes que se pidan ao goberno e que se esixan por moción, xa que non hai un regulamento interno para que queden rexistrados. El ten información de informes sen constancia, logo pídense e non aparecen. Agradezo ao PP o seu apoio nesta loita titánica. É moi importante dicir que non deixan xogar á política. Teño unha loita titánica e así mo recoñecen os técnicos da casa

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** A argumentación vai na liña exposta coa anterior moción. Estaba de acordo en controlar á empresa do mantemento dos xardíns, en revisar se realiza o seu traballo. Resulta estrano que se incoe un expediente á empresa nada máis empezar. Na parte final resolutiva fala de condicións para apoiar a moción. Cada un é dono das súas palabras. Estaba en desacordo coa

forma en que remata a moción. Cando di “pedimos a dimisión ou me leve diante o xuíz se minto”, nós entendemos que a moción debe acabar aí.

**Juan José Cruz García.** O goberno non quere falar. É un silencio cómplice.

**Dª Celia Alonso Caramés.** Está ben vir ao Pleno. Pero o edil propoñente non leu os expedientes nin os consultou. Se o fai, vería como traballa esta xente, que está traballando ben, controlando. A empresa non cumpría os apartados de persoal e por iso abríuselle un expediente sancionador. Primeiro había que vir e consultar; logo se non está de acordo, pide informes e se non se lles dera, pode vir aquí coas súas desconfianzas e ilegalidades. Temos que traballar coa xente que temos. É boa xente. Tanta desconfianza nos traballadores ¿a que ven?. Ten os expedientes á súa disposición en contratación. Pode vir e ver todos os expedientes, desde á UTE, á seguinte empresa que non cumpriu co seu traballo. A esta, tan pronto incumpriu abríuselle un expediente sancionador.

**Juan José Cruz García.** É fácil atopar a documentación sen vir ao Concello. Sabe que este edil consultou todo de arriba a abaixo. A única cousa que non consultou pídesse agora. Afirmas cousas que non son verdade. Deixémola coa súa felicidade. Así pode quedar. Todo está ben. Pero isto vai traer moita cola. Aposto pola dimisión do Alcalde, ou polo menos por retratarse a que vai seguir sendo alcalde ilexítimamente. Agora mesmo si que me parece posible isto despois de todo o transcorrido. Ve con bos ollos e humor o trato proporcional que recibiu. Non é o meu estilo tratar estas mocións. Meter nas mocións isto é acertado. Acepto a proposta do PP.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC.*

**Xa que logo, aprobouse a moción do seguinte tenor:**

Juan José Cruz García, que abaixo asina, como concelleiro non adscrito da corporación municipal de Lalín presenta para o seu debate e aprobación unha moción sobre informes Acciona e XAC.

A raíz da contratación de Acciona en condicións estrañas (só se presentou unha empresa) estamos revisando todos expedientes de contratación dos xardíns e zonas verdes. Non nos gusta nada o que estamos vendo. Queremos que nos ensinen a documentación relativa a contratación dos traballadores do servizo de Mantemento dos xardíns segundo as esixencias do prego, a ver se xa arranxou o tema do persoal ou segue habendo irregularidades. Analizaremos o procedemento de transparencia, que se garantira a libre concorrência.

¿Que nos falta?, vixiar se a empresa cumpre os pregos? (xa se abriu un expediente por irregularidades...) estará legalmente publicitado o contrato?.

Temos motivos para sospeitar que o alcalde decretou actuacións nos expedientes para contratar traballos de mantemento dos xardíns, nos cales se visualizaron ilegalidades ou irregularidades.

Queremos preguntarlle ao Alcalde sobre a titulación dos catro obreiros esixidos nos pregos, o quinto en discordia contratouse tarde, mal e a rastro?, trátase do diplomado ou licenciado que tivo que contratar despois da miña denuncia? (de novo o tempo me da a razón).

Agora vamos ao 2016, sobre o contrato da empresa XAC, teremos que falar dalgunha cousiña máis... que investigo con ansia, sobre como Cuíña puido admitir unha oferta á baixa (temeraria?), tirando os prezos dos nosos empresarios locais polos solos, e utilizando a empresa na súa proposta prezos baixísimos por alugar mensualmente a maquinaria de obra, prezos moi por debaixo do mercado. Afirmamos que a empresa na súa proposta de aluguer por mes de maquinaria poñía prezos que non chega ao custe de alugar cada máquina un só día (competencia desleal? baixa temeraria?).

O caso é que a empresa non dou cumprido e así se botaron a perder as zonas verdes do concello), para que se entenda mellor, algún aluguer ofertado non chegan nin a 1 euro ó día...! Unha motoserra por 46 céntimos día.

O máis grave favorecendo a unha empresa de fóra con estas probables irregularidades, enfatizo contratando a unha empresa de fóra...! Creemos que o máis axeitado sería considerar mellor a baixa temeraria e a imposibilidade de cumprir o contrato.

Quero ver quen avalou iso, que técnico dou o visto bo, parece ser que o técnico fixo o seu traballo e xustificou que podía haber unha baixa excesiva e Cuíña ordenou por decreto de alcaldía contratar, haberá que ratificar esta hipótese. Queremos saber se a empresa o fixo ben e cumpriron, ou se abriron os expedientes sancionadores oportunos e de quen é a responsabilidade de adxudicar con baixa posiblemente temeraria e que non se dera cumprido co traballo.

É legal contratar a unha empresa que non tiña a maquinaria precisa para esa licitación?, hai eruditos en leis que din que non, din que tiñan que posuír a maquinaria, alugaron hasta desbrozadoras por menos dun euro día... Son ofertas legais?. Vaime dicir que estas ofertas de empresas de fóra non lle prexudican ás de Lalín?.

E a unha empresa local deixárona fóra da contratación porque non especificou ben os metros cadrados do seu local (sería tan esencial esa faltiña?). Sabedes porque esta empresa de fóra XAC tivo que alugar a maquinaria tan barata?.

En si todo isto xa son irregularidades que terá que explicar *Cuíña*, a ver se me aclara onde o vamos debater, ten algo contra as empresas locais ou contra algún empresario local?.

En base ao exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** A emisión dun informe que aclare desde o mesmo día da firma do contrato con Acciona os contratos que fixo a empresa aos seus operarios, que nos aclare o informe a titulación e número de traballadores e a data na que se iniciou o contrato de cada un deles.

**Segundo.-** Que o Alcalde Lalín informe e aclare que técnico avalou a proposta de XAC no 2016; o mesmo informe que determine se o contrato foi feito despois do decreto do alcalde, que no informe nos defina se é legal que a empresa contratada non posuía a maquinaria para as obras demandadas e se cumpriu os pregos, que aclare o informe se é legal aceptar desde o concello unha proposta de aluguer de maquinaria con prezos que nin sequera eran do 5 % do valor actual de mercado, que aclare tamén o informe os incumprimentos da empresa e todos e cada un dos expedientes sancionadores que se lle abriron desde o Concello.

#### **11.- EXPEDIENTE 233/2018. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA AO PROFESORADO DE TROMPA E TROMPETA DO CONSERVATORIO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral-electrónico o día 15 de xaneiro de 2018 co número 23. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame desfavorable** da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 22 de xaneiro de 2018.

**Juan José Cruz García.** Os profesores pídenme que faga o meu traballo. O Alcalde se pronunciou nas comisións informativas. Reuniuse co concelleiro saínte do PP para tratar o tema. Non creo que sexa un problema que o edil non adscrito se reúna co PP. Cando el estivo no goberno había varios temas candentes e algún deles definitivo para que se marchara. Tiña discrepancias coas formas de actuar. Dixen que non ía ser cómplice de actuacións que rozaban a ilegalidade. No Conservatorio houbo comportamentos que non foron propios dunha administración. O trato ao Director foi variando co tempo, dependendo de como el xogou con nós, e marchou cando quixo. Non se actuou en tempo e cando había que actuar. Vimos carrexando cos problemas. Non se contratou un profesor de trompeta e marchou o de trompa.

Dixo o Secretario nas comisións Informativas que o acordo sería instar ao Padroado Cultural. Coidaba que a solución pode estar nas *master class*. Estas clases non poden ser entendidas como ilegalidades, xa que as normas permiten pagar esas facturas. Non ía dicir nada máis. Contratar non se podía. Había que pagar master class para esa xente.

Consideraba que varias clases maxistras de grandes profesores equivalían a estar case toda unha semana alí. Moitos veciños marcharon por Europa para recibir unha clase destas; podemos temporalizala como queiramos. A vía existe. Tamén a posibilidade de externalizar e contratar unha empresa dun xeito moi sinxelamente e solucionado este curso co profesorado dentro das aulas.

Se falou o Alcalde con ese concelleiro, se falou con Manolo Gómez, o que puxo na moción, presume de tentar separar a política do proceso administrativo polo ben dos veciños. Sempre tiveron unha relación case familiar con el. Este tema debateuno con el tomando café. Votaría a favor desta moción. Estaba seguro que ese edil do anterior goberno ía ir por esa vía.



**D. Xosé Crespo Iglesias.** O día catro de xaneiro tiveron unha reunión cos pais dos alumnos. Estou preocupado pola substitución dos profesores de trompa e trompeta. O curso estaba en marcha, e se non se remedia, perderase polos alumnos. Teño a sensación de que o goberno quería cargarse o conservatorio.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ata aí. Que te midas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Digo o que me dá a gana e vostede igual. Importa ben pouco ao goberno cargarse o Conservatorio.

Todos teñen o mesmo problema, non só en Lalín. O problema ven de cando tiveron o conservatorio como competencia impropia. Era e é dar resposta e cobertura á demanda social. Se dunha cousa presume este pobo é de ser terra de músicos. Houbo dificultades co Círculo Musical Lalín, antes do Padroado, e logo con este. Trampeando, no sentido literal, como puidemos, funcionamos para que unha competencia que deba ser da Xunta de Galicia e só nas cidades, fose atendendo a demanda. Entre outros concellos estaban, Pontearreas, Lalín e Vilalba, con clara preocupación no eido musical.

Non son as cidades proporcionalmente as máis relevantes as que aportan máis músicos. Vostedes dixeron de cargarse o Padroado e que ía durar un telediario. A nosa fórmula non era moi boa. Eu protestei cando se aprobou a composición. Déronnos dous membros e logo un; o outro quedou para a APAC. A proporción era inxusta. A súa resposta foi: "Non vos preocupedes. Isto vai durar un telediario", polo Padroado. Pero xa van tres anos.

**Juan José Cruz García.** Igual que as axudas das bandas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É certo o problema. Outros concellos soluciónano como poden. Historicamente eu loitei porque o noso fora oficial. En 2005 estivemos a punto de conseguilo. Houbo unha proposta a Fraga de convertelos en oficiais nunha primeira fase cun pacto coa FEGAMP. Estaban ademais do de Lalín o de Pontearreas e o de Vilalba. Algún deles máis grande e con máis tradición popular ca nós. O persoal daba clase, e non era unha competencia municipal. É un dos motivos de estar os contratos como están. Logo sería un problema para que a Xunta se faga cargo.

Lalín é unha referencia obrigada na formación musical. Hai rapaces de aquí dando clases e conferencias. Se non fora embrión, se dixeramos que non é nosa a competencia non fariamos nada.

Pídlle a vostede que o faga. Algún día será oficial o Conservatorio e con regulamentación autonómica. Non todos poden pedir o mesmo. Por iso, parécenos ben a moción do edil non adscrito.

Proposta. Segundo punto: que o goberno inicie de inmediato o procedemento e non espere a setembro.

Queríase evitar que pase o que pasou neste curso que non se puido desenvolver. Oferta fallida.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non vou consentir o dito, senador.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Aquí son concelleiro. Senador son no Senado.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pois concelleiro. Non vou permitir que vostede diga que nos queiramos cargar o Conservatorio. Ata aí podemos chegar. Mídase. Por

enriba do meu cadáver antes de suprimir esta Entidade.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non me ameace. Vostede é un cretino político. Non me mido. Se non lle gusta, bóttelle azúcar.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Sabe que non é certo. Non lle lancei ningún insulto. Vostede chamoume cretino e analfabeto, pero se o poñemos nunha balanza, danos a risa. Por enriba do meu cadáver desaparecerá o Conservatorio. Igual que a anterior Interventora que non vía viable isto. Tanto vós coma min queremos que siga e cos mellores servizos. Tiven unha reunión con esas persoas, pais dos alumnos e coa Interventora substituta e o Inspector de Educación. Sempre dixó que tiña razón. Non había solución, buscando por todos lados. Lara mesmo tivo reunións na Deputación. Estivemos buscando a forma por todos lados e as solucións. Non permitiremos que haxa danos. Pídlle á Interventora que informe, o que sería verdade e con total liberdade.

**Juan José Cruz García.** ¿Pode preguntarlle, xa distendidamente?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Co informe non. Logo si podemos debater. ¿Está xordo?.

**Juan José Cruz García.** Se non podo debater, coa Interventora, non hai igualdade de condicións.

*Interventora.* Bos días, en primeiro lugar, unha aclaración. Eu nunca tiven a sensación ou percepción dende que cheguei aquí de que este tema se estivese deixando. Tiven discusións sobre el.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** ¿Vostede ven como Interventora ou como política? ¿Estamos de coña ou vamos a ver? ¿Por que fai unha valoración política?.

**Juan José Cruz García.** ¿É certo que saíu chorando despacho do Alcalde? ¿É verdade? Conteste.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Será posible. Ven facer un balance político.

*Interventora.* Pide falar.

**Juan José Cruz García.** ¿Non se pode facer bolsa ou master class?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Hai cousas que doen bastante. Ten a palabra a Interventora. Respeten á funcionaria.

**Juan José Cruz García.** Se ven facer política, marche arriba.

*Interventora.* Eu falo con liberdade. Malinterpretaron as miñas palabras. Non quería facer valoracións políticas. Levaba tempo mirando este tema, en busca de solucións. Non fago valoracións políticas, son funcionaria. Nin estou a favor nin en contra. Estou estudando o tema. A proposta das Master class non valía porque é acudir a un contrato de servizos. E repito que non fago valoracións políticas, aínda que ao mellor na forma puido entenderse iso. Falo como técnico. Non vexo a viabilidade legal desa proposta. O informe meu sería desfavorable. Non sei se levaría reparo o Alcalde, non ten a obriga. A miña obriga é dar unha opinión técnica. Nunca se me dixó nada ao respecto e non o vou consentir.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** É certo, ¿o alcalde non levanta reparos suspensivos?

*Interventora.* Hai unha carencia de normativa nun Concello de tradición musical

como Lalín que conta xa implantado cun Conservatorio. Entendo as necesidades dos pais e de todo o mundo. Pero eu ten que aplicar a legalidade. A solución non é rápida ou calquera. O reparo faríano nas contratacións e non sabe se o Alcalde ía levantar o reparo.

Masterclass é un contrato de servizos para atenderen necesidades puntuais. Hai xurisprudencia e informes noutros concellos, consolidada, que a explican. Non responde a unha actividade laboral continuada. Entende a necesidade de que a solución sexa permanente para servizos habituais dunha actividade concreta e determinada. Os rapaces perden o curso, pero ela non entende de temas académicos, senón xurídicos. Para algo puntual valería un contrato de servizos, diferente da relación laboral. ¿Procede a contratación laboral?. Non ten feita a RPT o Padroado. Habería que crear esa RPT e proceder á cobertura da oferta de emprego en igualdade para acceder. ¿Existe o posto? non. A relación é de dependencia, de axeneidade, STS de 2009, para o empregador, o Concello.

A Master class é unha actividade puntual, non serve para cubrir necesidades permanentes e habituais. Esa é a explicación técnica, sen prexuízo doutra mellor fundada. Pedimos un informe ao Servizo da Deputación. Reitera que non fai valoracións políticas. Insistíume o Alcalde. A relación laboral non a vexo.

**Juan José Cruz García.** Ten toda a razón. A anterior Interventora xa vía ilegalidades. Derívase todo ao contrato. A factura sería por curso. Hai urxencia, nós podemos non contratar, facer cursos, e debates pedagóxicos.

Critico a falta de RPT. Esta debía facela un avogado para o que se contratou e non fixo nada. Vostede foi un punto máis alá, pero é urxente. Non pode ser mantido no tempo este sistema. As leis se deben cumprir. Tramitar as facturas por curso pódenos sacar do paso estes tres meses ata xuño. Hai que buscar unha solución ao problema. Estaba de acordo en non permitir esas cousas. Eu vouna apoiar ao máximo ata onde poida. Estou necesitado moito de profesionais dos que aprender. Ten o meu apoio. Pregunta: ¿saíu chorando do despacho do Alcalde? Pode dicilo ou non.

Na regulación de postos de traballo *Montoro* permite facer bolsas para substituír ao persoal. Pide desculpas polo debate.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Retírolle a palabra.

**Juan José Cruz García.** So é para axudar.

Interventora. É o meu criterio, non mencionei á outra interventora. Teño costume de non entrar a valorar o traballo doutro traballador.

**Juan José Cruz García.** Tremenda profesional!.

Interventora. Non mencionei á anterior Interventora. Non a coñecía. En ningún caso critiquei á anterior. Cando eu marche, virá outra. Eu consultei con compañeiros, coa Deputación da Coruña, con recursos humanos e non cabe un contrato administrativo.

O das bolsas non se entende. Ao non haber RPT vostede di unha cousa, pero non existe un posto. Por isto non o vexo.

**Juan José Cruz García.** Ten moita razón. Comparto moito do que di.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non comparte a Interventora a exposición da

moción.

**Juan José Cruz García.** Contentos coas dúbidas.

Interventora. Non sei ata que punto cubre esa necesidade. Se eu teño unha asignatura nunha carreira na universidade, ¿pódese aprobar con master class?.

**Juan José Cruz García.** De todas formas examina un tribunal e xente cualificada. Ten que entender que tamén son profesionais os que imparten as master class. O Padroado é un peldaño máis arriba. Os profesores loitarán pola RPT e eu tamén. Só uns meses duraría a master class.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** ¿Acabou a Interventora?. Agradezo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Teñen que estar presentes nos Plenos salvo causa xustificada os membros dos corpos nacionais.

Vostede diga o que queira, eu direi o que me dea gana. Hai unha incompetencia do goberno. A situación é kafkiana. O goberno mete a pata e utiliza vilmente aos técnicos da casa para defenderse con informes ad hoc. Falo politicamente. Lamento que metera nisto á Interventora. Quere salvar o seu cu e máis o da concelleira de cultura porque non fixeron os deberes para nada.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** ¿A solución? Só contas a historia do Conservatorio,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non interrompa. Danos a master clas como solución.

**Juan José Cruz García.** Arranxar este ano con esta opción e vía.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A resposta vai coa master class para solucionar isto do goberno e da Interventora.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non ve inconveniente en dar master class. Non teño cualificación para elo. Vostede para desgracia deste pobo utiliza a mentira ou a post verdade personificada. Non lle chamei analfabeto e colleuno dunha entrevista e pode ver a gravación

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Do asesor de prensa. Só vale o da prensa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Interrompeume. Non lle chamei analfabeto. Non con mentiras. Está todo na Radio Galega ou en Radio Voz. Á pregunta de si vai comparecer polo tema de Vilatuxe dixen que fai falta ser analfabeto funcional para pedir isto. Os da oposición non teñen que comparecer.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Comparecer a oposición e non o Alcalde. Hai gravacións.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non lle chamei analfabeto. Saque vostede as conclusións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** ¿Tampouco me chamou cretino?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non é permisible que compareza a oposición. Só lle digo que non lle chamei analfabeto funcional. Expliquei por que non podía comparecer como oposición. Sacouno de contexto, para darlle altavoz ás cousas que quere. Paréceme inmoral que utilice aos técnicos para este tema. Hai un ambiente irrespirable na casa, enfrentando a uns funcionarios contra outros, que si uns son do PP e outros de vostede. Os funcionarios son funcionarios. Pódolle asegurar que un clima tan enrarecido nesta casa como o que hai hoxe nunca o houbo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A min o que me consta é que para algúns funcionarios era insoportable traballar con vostede polo seu carácter, *Sr. Crespo*. Lévome ben con todos os funcionarios, con todos. Dixo que eu ameazara a funcionarios. A mín dinme o contrario.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Dease unha volta. Nunca na historia houbo ambiente tan cáustico.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A min non me din iso.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Hai un ambiente irrespirable. Uns contra outros. Para defender un informe encarga outros informes. O funcionario non ten tempo para nada, é certo. Con elo failles perder o seu tempo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O Secretario fai informes políticos. Aclare iso.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Posverdade é a súa. Vostede encarga informes políticos ou informes á carta. Todo funciona ás mil maravillas. Para que lle fagan un favor político. Un departamento que non ten tempo para rechistar, perde o tempo facendo patrañas. Tres días tardou o Secretario en facer un informe, e nunha obra na que se perderon cartos tardou dezaoto días ou un mes. Explíqueme por que tardou tanto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que o explique el.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non hai nada que explicar. Hai que ter sentido común. Alá vostede e a súa conciencia. Non dixen que fixera un informe político a Interventora. Non teño nada que obxectar. Entendo a preocupación do Alcalde. Hai tres anos que chegou ao Concello, e dixo que o Padroado era unha merda e duraría seis meses.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non dixen iso. Falei de cambiar o Padroado, non que era unha merda. Xa está ben de inventar.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Haberá que acudir á hemeroteca coma na ponte de Bustelos. Moléstalle moito cando lle interrompen. Pero vostede sempre interrompe e ven con informes e con patrañas.

Estes lodos veñen deses pós. Dixo que estaba desfasado o Padroado e que en seis meses non existiría. Isto díxoo polo tema da representación. Aínda estamos esperando por ela.

En canto á contratación, o Concello sempre mantivo esta Entidade desde que naceu. O Conservatorio de música Folk desapareceu tristemente, xa que non era

competencia propia. Entendo o razoamento propio.

A política é buscar solucións e vostedes sabían a solución. Díxonos que ían contratar unha persoa para arranxar a RPT que xa estaba vella. Logo din que van empezar polo Padroado na prensa. Acabou o seu contrato en agosto e non vin un só papel enriba da mesa. Reitero o xa dito. A día de hoxe non hai documento. Esa persoa que había contratada xa non está. ¿É da Deputación? Quixeron contratar un señor e dixeron: imos empezar polo Padroado. Non se fixo. Se estivera feita e aprobada a RPT, agora terían o noso voto a favor. Recoñeceron que foron como foron as contratacións porque non había outra forma legal. A decisión que se tomou foi a de fortalecer o conservatorio. Claro que con estes problemas xa levan tres anos. O vinte de agosto rematou o contrato e puido facela.

Dicirille a Juan José que se acepta poñer esa transaccional.

*Interventora.* A documentación sobre o contrato do avogado ten de prazo ata o 31 de xaneiro. Estou recabando do xefe do servizo de persoal a documentación, pero está de baixa. A ver como arranxamos. Non quería dar a sensación do que se dixo. Os informes deben ser contundentes. Non é o primeiro no Concello.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non siu do meu despacho chorando. Mentira.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non me tome o pelo. Antes que fraile, fun cocifeiro.

*Interventora.* O tema non estaba hai tres anos. O grupo de goberno sempre falaba de a ver que facemos co persoal. Teño moitas outras cousas que facer. Non defender postura Alcalde. Os pais viñeron falar comigo. Reitero que non fago valoracións políticas.

**D. Nicolás González Casares.** Cando se estaba coa RPT no Padroado, 55 traballadores do Concello declaráronse indefinidos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O Padroado é pequeno.

**D. Nicolás González Casares.** Houbo que levantar un reparo suspensivo, para continuar cos traballadores.

**Juan José Cruz García,** Ninguén dixo nada.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non había outra forma de facelo. Aí vese a lealdade da oposición. Non había outra fórmula e nós calamos.

**D. Nicolás González Casares.** Menudo problema.

A continuación tivo lugar un debate con Crespo sobre o contido da moción.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** ¿Levantamos o reparo no Pleno?. ¿Contratamos igual?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** ¿Quere que sexamos copartícipes nós tamén?. Hai que buscar unha solución e unha fórmula legal.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** A Interventora di que estamos encima. Logo non

nos digan, perdón polo ton, que queremos suprimir Conservatorio.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Sei que non, pola conta que lle ten.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Estivo na Deputación Lara. Cos pais estamos moi encima. Din os técnicos que non están facendo un informe. Estamos traballando, non pasando de todo. A situación ven de anos atrás, de dez anos

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Dixo que o goberno non fixo nada. Se o fixera, este tema non tería que chegar ata aquí.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo e dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC.*

Xa que logo, **aprobose a moción coa addenda do seguinte tenor:**

**Juan José Cruz García**, que abaixo asina, como concelleiro non adscrito da corporación municipal de Lalín presenta para o seu debate e aprobación unha moción sobre a contratación de profesores de trompa e trompeta no Conservatorio de Grao Profesional de Lalín.

Os alumnos do conservatorio matriculados en trompeta e trompa sen profesor. A solución da concelleira marioneta de APAC foi botar ó profesor e deixar os alumnos abandonados?, botou a Bram previo pacto de indemnización?, ou *Bram* foise cando el quixo?, como non preveu esta circunstancia?, e de quen é a responsabilidade?, de Medela?, ah...e a gran solución é devolverlles os cartos aos alumnos... Outra xenialidade de Lara. E os rapaces perderon un ano?.

O outro día un anónimo aconselloume non abri-lles os ollos ao goberno (como dicindo que é o que se merecen por ineptos). Non lle vou facer caso polo ben dos veciños. Voulles dar unhas ideas para solucionar o problema. Apac o día dos Santos Inocentes fíxome a broma de vincularme á dirección do conservatorio, como se o PP me ofrecera o cargo, (chorradas dos podemitas). Fíxolles moita gracia a Manolo Igrexas e colegas. Pero polo menos eu sei da materia. Que sabe Lara?. Nada, e demostrado queda.

O Conservatorio deben dirixilo profesionais da música e non ineptos políticos. *Lara* non pode ser responsable do Conservatorio porque non ten nin idea. A dirección do Conservatorio ten que estar nas mans dos profesionais docentes do Conservatorio por lei, pero si que vos digo que mellorar a xestión de *Lara* na súa concellería sería moi fácil. Mellor ca ela faino case calquera.

Aos pais dos alumnos de trompa e trompeta doulles eu a solución: pedirémoslle ao alcalde que organice cursos intensivos das materias como medida urxente (mal

menor), é dicir, *masterclases* intensivas, despois xa se temporalizaría, polo menos hasta que non se contraten mestres, cos 50.000 euros que nos custaba *Bram* case pode facer para tódalas especialidades, eu sería capaz, pero non é o caso, que faga só de trompa e trompeta, cada trimestre varias, de seguro que os docentes colaborarían moito, case afirmo que non notarían a falta de clases. Examinar poden os mestres con praza.

De ter tramitadas as axudas ás bandas poderían contratar a través das escolas de música pero Cuíña está obsesionado con levarme a contra. Pois iso a solución é sinxela.

Solucións ao CAOS. Vamos aportar máis luz na falta do profesorado, hai fórmulas para contratar en tódolos concellos de Galicia, en todos os conservatorios séguense cubrindo as prazas aínda que o avogado amigo de Cuíña e contratado para iso non fora quen co seu colega de facelo en dous anos, pediremos acceso ao contrato deste avogado, e investigaremos a ver se fixo o traballo ou non e a ver se cobrou. Os contratos menores, son dun máximo dun ano. Veremos se se entregaron os traballos en prazo ou seguen esperando por eles no concello.

Vou darlles unha solución, que externalicen a contratación deses dous profesores para prestar o servizo a través dunha empresa enmarcada nun proxecto cultural de educación musical namentres non se poida contratar doutro xeito. Que pregunten noutros conservatorios municipais...! A mala xestión do desgobierno de Cuíña estalle saíndo moi cara a Lalín.

Outro exemplo da incapacidade deste desgobierno témolo nas brigadas municipais. Solo dous traballadores operativos e Cuíña presume nas redes sociais que o rural vai moi ben e que todo está perfecto. Eses dous traballadores, non teñen a culpa, pero é imposible atender un concello como Lalín con só dous traballadores na brigada. Por que non se fai unha bolsa de emprego para substituír as baixas?. Non lles deixa *Montoro*?. Seguro que non?. Cuíña debe querer que pida outro informe que os deixe en ridículo?. Alguén segue crendo as mentiras deste desgobierno dirixido por un palanganas?.

En base ao exposto, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

1.- Instar ao Concello a realizar un proxecto cultural de *masterclases* (desde o Padroado que preside o Alcalde ou desde o Concello), ou contrato cunha empresa externalizando o servizo, que inclúa a celebración de actividades musicais financiados co plan concellos, fondos propios ou calquera outro recurso procedente doutras administracións, no que se incluírían clases de formación de trompa e trompeta, co fin de paliar os prexuízos ocasionados aos alumnos do conservatorio municipal destas disciplinas pola pésima xestión da Concelleira de Cultura.

2.- Que o goberno inicie de inmediato os preparativos do curso académico 2018-2019 euros e que non espere a setembro.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Tentaremos de buscar solucións, e non levantando reparos suspensivos. Son amigo do Presidente do Consello de Contas e díxome “non fagas esas clase de cousas”.



**12.- EXPEDIENTE 252/2018. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA AO INCREMENTO DA VIXILANCIA E SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS DO ANTIGO COLEXIO MANUEL RIVERO. DE RECOÑECIMENTO DE PREMIOS E DISTINCIÓNS POLO CONCELLO DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro central-electrónico o día 16 de xaneiro de 2018 co número 25. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de xaneiro de 2018.

**Juan José Cruz García.** É outra das cousas a debater. Quero denunciar a problemática que me achegou dunha veciña e xente que se puxou en contacto comigo e que coido debo contar ao Pleno. A xente que vive alí ve cousas, xente trepando e xente dentro. Hai que eliminar estas prácticas. A competencia é do Concello que debe previr antes que lamentar, con sinais, vallas, tapiar portas ou ventás ou ben con obras.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Imos absternos. Non a preparamos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Falei varias veces con Cuñarro e díxome que incrementaron a vixilancia.

**D. Nicolás González Casares.** Hai queixas. Centrémonos no Manuel Rivero e xa se colocaron valados para non levarse cousas. Pecharase a entrada ao edificio por unha cuestión lóxica. Eses dous bloques e anexos van ser derrubados, porque hai unha modificación puntual do PXOM que o prevé para destinalo a albergue e máis cousas. Algo que ven do anterior goberno. Eses edificios están fora de ordenación. Os dous bloques diferenciados non coinciden cos edificios actuais. Para facer calquera cousa hai que derrubalos. Hai unha intervención co DUSI e van desaparecer. Calquera cousa que se faga precisa derrubamento. Durará varias semanas.

**Juan José Cruz García.** Isto agradecerao a veciñanza. Pido tomar as medidas óptimas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Hai máis medidas que derrubar. Insisto, falei coa policía local e aumentouse a vixilancia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: vinte (20), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP.*

Xa que logo, **aprobose a moción do seguinte tenor:**

Juan José Cruz García, que abaixo asina, como concelleiro non adscrito da corporación municipal de Lalín presenta para o seu debate e aprobación unha moción sobre a mellora da seguridade no Manuel Rivero.

Recibín unha queixa que considero importante por supoñer riscos graves e na que o concello pode ten responsabilidades.

Informan que desde fai un tempo nas instalacións abandonadas do antigo colexio Manuel Rivero vense frecuentemente pandillas de rapaces, seguramente menores, que xogan perigosamente a subir pola fachada dos edificios utilizando mobiliario supostamente do propio edificio. A altura é considerable polo que este xogo entendo que non debe permitirse nun inmovible propiedade do concello. Dinme que incluso hai testemuñas que viron cos seus propios ollos algunha caída (evidentemente o rapaz mancouse pero non foi grave, aínda que puido selo, e por medo á que lle refíran dixo que estaba perfectamente). Para evitar que se produzan este tipo de situacións perigosas nas que o concello podería ter responsabilidade e se pode producir graves accidentes solicito que se adopten medidas de vixilancia adecuadas, con maior presenza na zona da policía local para conseguir un efecto disuasorio, se faga unha campaña de sensibilización dos perigos existentes (carteis advertindo dos perigos, etc.) e se vallén ou tapién as zonas polas que se pode trepar así como calquera outra medida complementaria de seguridade.

#### CARTA DUNHA CIDADANA:

“Estas palabras van dirigidas a quien sea oportuno y lo tenga en consideración: Como ciudadana quiero transmitir una gran preocupación que he visto hace un tiempo y me ha llevado un tiempo decidirme a transmitirlo, debido a que a los políticos sólo prometen en el momento de entrar en el poder y luego no resuelven nada, bueno sí que resuelven .... sólo aquello que es de su interés y aparta lo que económicamente no interesa, es evidente que hay muchos problemas en este Concello, pero una verdadera política no es el arte de buscar problemas, encontrarlos, hacer un diagnóstico falso y aplicar después los remedios equivocados sino que desde mi punto de vista para mí la política es la actividad en virtud de la cual una sociedad y/o sus ciudadanos resuelven los problemas que le plantea su convivencia colectiva; es un quehacer ordenado al BIEN COMÚN, y como dice un proverbio muy antiguo que quisiera que fuese reflexionado por todos los que están escuchando éstas palabras *“quien quiere hacer algo encuentra un medio, quien no quiere hacer nada encuentra una excusa”*

Después de estas palabras quisiera que todos los políticos lleguen a un acuerdo y no a una disputa a éste gran problema, y me centro en mi preocupación: Hace un tiempo en las viejas instalaciones del antiguo colegio del Manuel Rivero vi que hay una actividad que realmente me preocupa muchísimo, el que a ciencia cierta no lo sé, pero lo que si se es que he visto con mis propios ojos como algunos niños y cuando digo niños es porque lo son; cómo ponen una mesa encima de la otra para subirse al segundo piso y hacer el que no lo sé. Un día vi como dos chicos de unos 14/15 años de edad se estaban bajando del segundo piso por esas mesas que comenté anteriormente y uno de ellos se calló y evidentemente se lastimó, pero al acercarme a ellos para preguntarle si estaba bien, me dijeron que estaba bien y que no pasaba nada, con el miedo que les causó el verlos allí es comprensible que reaccionaron de esa manera, les pregunté, que hacían allí y me dijeron que iban a pasar un rato, y desconectarse, lo cual me asombró y que otros chicos los habían mandado subir, justo en ese momento pasó una patrulla y siguió de largo, no sé si hay algún conocimiento de esto, pero veo que habrá mucha gente que ve lo que está pasando allí y me indigna que nadie haga ni diga nada.... Y para no seguir entrando en más detalles y dejarlo ahí, me pregunto, que pasa con esas instalaciones, hasta

que pase una desgracia, cómo siempre no harán nada....

Hay muchos proyectos muy atractivos que se pueden realizar en esas instalaciones e intentar recuperarlas invitando a modelar la realidad con el material de sus sueños, a negarse a miradas fatalistas del futuro, a comprender que todos tenemos cosas importantes para compartir y no incentivar el vandalismo que es lo que precisamente está ocurriendo en éstas instalaciones.

Espero no haber sido muy tediosa con mi preocupación, y siendo optimista quiero pensar que el haber transmitido esta preocupación no quede en banales palabras...

Gracias ante todo por vuestra atención. ¡Un saludo! Una ciudadana”.

En base ao exposto, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Instar ao Concello a aumentar a presenza policial e a vixilancia na zona do antigo colexio Manuel Rivero co fin de disuadir da práctica de actividades perigosas que os veciños advirten.

**Segundo.-** Instar ao Concello a adoptar medidas básicas de seguridade nas instalacións do vello Manuel Rivero: por exemplo colocación de sinais, vallas, tapiar portas e ventás ou calquera outra.

### **13.- EXPEDIENTE 522/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO PP PARA SOLICITAR AO GOBERNO MUNICIPAL A ACTIVACIÓN DOS TRÁMITES NECESARIOS PARA O ARRANXO DAS DEFICIENCIAS DO PAVILLÓN DO COLEXIO DE VILATUXE.-**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada por urxencia no rexistro central o día 26 de xaneiro de 2018 co número 572.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

Desde o PP, **D<sup>a</sup> Raquel Lorenzo Fernández** indicou que se trataba de acordar unhas actuacións sobre o dito colexio, de competencia municipal e non da Xunta de Galicia. Lembrou que o goberno trouxo a Pleno primeiro isto, pero tamén fai falta o mantemento. Nós temos varios exemplos do pasado de obras que se fixeron con cargo a fondos municipais. Por exemplo no Xesús Gomar. Tamén no pavillón comarcal en 2005 se gastaron 59.000 € na cuberta do edificio e nunha nova superficie de xogo, algo moi parecido ao que hai que facer en Vilatuxe, aínda que na moción, aparte de deficiencias, pídese unha superficie máis moderna. No pavillón de Prado acometeuse unha superficie de xogo cunha cantidade importante.

En base a todo isto, a maiores do arranxo e acondicionamento trátase de evitar a filtración da choiva se quere que na cuberta se fagan obras e que se dote dunha superficie de xogo.

**D. Juan José Cruz García.** Píllao por sorpresa. Ten coñecemento do tema. Os centros educativos son de titularidade municipal con afectación da Xunta de Galicia.

Pode estar de acordo.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** O Goberno está a favor. Temos claro que hai que facelo.

Debate sobre as copias do texto da moción. **Dª Teresa Varela Fisteus** sinala que non ten copia da mesma.

O Secretario sinala que mandou facer cinco copias.

**D. Nicolás González Casares** indica que Teresa é portavoz.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Ocultannos documentos!. Votaremos a favor. Non lle entendía, como son analfabeto non lle entendía. Non lles gustou o tirón de orellas da ANPA polas obras no pavillón de Vilatuxe que se fixeron antes. Aproveito para dicirlle que hai boas noticias e que imos arranxar o campo de fútbol. Estamos traballando.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **aprobose a moción do seguinte tenor:**

No pleno celebrado no mes de decembro de 2017, o Partido Popular advertía ao grupo de goberno que a solicitude que facía instando a outra administración ao arranxo e acondicionamento do pavillón do Colexio de Vilatuxe non era axustada a dereito, xa que a instalación deportiva é de titularidade municipal e, aínda no caso de que se considerase unha parte máis do centro educativo, as tarefas de mantemento e conservación do edificio son competencia do Concello e non de outra entidade. Aínda así, o grupo municipal do PP votou a favor da iniciativa por entender que debe estar de lado de calquera mellora para os alumnos de calquera centro.

Os populares lembran que de acordo ao punto 6.1 da orde de 22 de xullo de 1997 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, correspóndelles ós concellos a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios e demais instalacións escolares...

Como queira que as obras que se solicitan para o pavillón de Vilatuxe o son para un edificio de titularidade e mesmo de execución municipal; ao tempo que o que se contempla para o pavillón son "arranxos", como os define a propia moción do grupo de goberno, e por elo traballos de mantemento e conservación do xa existente –que non de mellora, o que implicaría unha ampliación do xa existente- e por tanto de competencia municipal, está claro que corresponde ao Concello de Lalín a súa execución, e non a outra administración.

Como antecedente, lembrar que na Xunta de Goberno do 28 de xuño de 2005, no punto 5.6, aprobábase o "Expediente de contratación da obra: "INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS NO PAVILLÓN COMARCAL" do P.A.M./2005

cuio importe é de 59.000,00 euros”. Unhas obras que consistiron na mellora da cuberta do edificio e a colocación dunha nova superficie de xogo e que afrontou o Concello de Lalín, o tratarse de traballos de conservación e mantemento, con fondos do PAM 2005 e que son case exactamente as mesmas que farían falla no pavillón de Vilatuxe.

En xaneiro de 2008, o Concello de Lalín tamén acometeu a colocación no pavillón anexo a ese centro do casco urbano de novos canalóns de recollida de choiva, ao selado dos cristais e a encintado das paredes par evitar filtracións e condensacións. Obras tamén de mantemento e conservación e, por tanto, de responsabilidade municipal.

No ano 2013, o Concello de Lalín acometeu obras de reposición da superficie de xogo do Pavillón de Prado por un montante de 28.888 euros, que se financiaron cunha partida municipal enmarcada no Plan de Investimentos da Deputación de Pontevedra.

Dous exemplos, entre outros varios que se poderían citar, e que afectaron a reparacións nos pavillóns dos colexios de Cercio e Prado, e que son coincidentes co problema que se presenta na actualidade no pavillón de Vilatuxe e que foron acometidos por parte do Concello de Lalín, ao ser competencia propia.

Así as cousas, e tendo en conta os antecedentes relatados, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Instar ao goberno municipal a que proceda a activar os trámites necesarios para acometer as actuacións urxentes de mellora e acondicionamento necesarias no pavillón deportivo do colexio Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe para evitar que se produzan novas filtracións de auga en caso de chuvia.

**Segundo.-** Instar ao goberno municipal a que active os trámites necesarios para acometer a mellora da superficie de xogo do pavillón de Vilatuxe e o dote cunha pista moderna e acorde cas necesidades dos alumnos do centro.

#### **14.- EXPEDIENTE 535/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO EN RELACIÓN A VARIAS CONTAS BANCARIAS DO CONCELLO DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta da presente moción que presenta por vía de urxencia e de xeito oral o edil non adscrito.

Cumpre indicar que no rexistro central-electrónico o día 3 de xaneiro de 2018 co número 45 presentou un escrito con preguntas ao goberno municipal. Non obstante, decide cambiar e presentar o mesmo texto baixo o sistema de moción oral por vía de urxencia.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito

## **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

**D. Juan José Cruz García.** Trátase de que se sinte non contestado ás preguntas formuladas en anteriores sesións. Quería lelas. Preguntou por que non se firman as preguntas non respondidas. Por que non contestaron por escrito ás preguntas presentadas en tempo e forma.

Víase obrigado a pedir isto en Pleno. Se o Alcalde non ten nada que ocultar, supón que o informe terao para a semana vindeira, sería rápido.

Non entendo por que non se contestou pro escrito, por que non se firman as respostas por parte de quen as fai, quen as emite e por que se obstaculiza a súa fiscalización. Demando na moción que se faga un informe de Intervención aclarando.

De seguido procedeu á lectura das mesmas. No se transcriben porque figuran máis adiante no acordo adoptado.

Quere que o informe aclare se é legal entregar respostas non respostadas e sen firma. Quere ler e que conste en acta unha resposta, do Sr. Alcalde, indicando que pode solicitar eses datos por cauces regulamentarios.

**D. Nicolás González Casares** sinala que pode pedir acceso á documentación.

**D. Juan José Cruz García** considera que xa o fixo polos cauces regulamentario e non obtivo o resultado esperado.

**D. Nicolás González Casares.** Isto dá traballo porque hai que buscar a información.

**D. Juan José Cruz García.** Se dixo o Secretario que pode facer os informes en tres días, isto pode realizarse en menos tempo. Se o PP quere apoiarme.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non recorda ter dito iso o Secretario.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se dades a información polo cauce previsto, isto non tería sentido. Se ese certificado cun voto só non se lle dá...

**D. Nicolás González Casares.** Pídese e, si existen, dáselle inmediatamente. Pero é a Tesourería.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se o pide hai que darlo.

**D. Juan José Cruz García.** Pídese por urxencia o informe para levar ao xuízo. Pode demostrar presentando polo rexistro electrónico, e queda constancia no Pleno de que fixen a petición, e que quede constancia de que Cuíña denega ou por primeira vez me dá o informe, ou queda reiteradamente. Necesito o informe. Se o Alcalde me denega a documentación, cun terzo podo telo. Chegado o momento, se chega, probamos todo iso.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non*

adscrito.

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC .*

Xa que logo, **aprobose a moción do seguinte tenor:**

Que o Departamento de Tesourería elabore un informe no que se dea resposta ás seguintes cuestións:

- Cantas contas ten actualmente o Concello de Lalín co Banco de Sabadell?.
- Que cantidade de fondos teñen na actualidade?.
- Esas contas en que datas foron abertas?.
- Cantas contas había co goberno anterior e que cantidade tiñan depositada cando o alcalde tomou posesión?.
- Cantos movementos, cal é o importe exacto das contías dos movementos bancarios desde 2015 (desde xusto despois da entrada no goberno de *Rafael Cuíña*) e tamén no mandato anterior (na súa totalidade) de *José Crespo Iglesias* no Sabadell, Abanca e Bankia e outras entidades?.

#### **15.- EXPEDIENTE 153/2018. ROGOS E PREGUNTAS. PLENO 26/01/2018**

##### **D. Xosé Crespo Iglesias.**

1.- PREGUNTA.- No Plan de Concellos 2017 había unha subvención concedida de 43.200 para o plan museolóxico ou museográfico. No Pleno de marzo de 2017 houbo a presentación, dividida en dúas partes case iguais. Non se dixo nada. Preguntamos en que estado estaba e se se adxudicou. Responden, que a día de hoxe desde o punto de vista administrativo non houbo tempo de tramitar este proxecto. Sorprende entón que non se fixera nada. Era de traca. Non fixeron nada. Como teñen a desfachatez de dicir que non houbo tempo, ¿non sería porque a Intervención ía poñer pegas e non ía deixar adxudicar o proxecto dividido, como nos lles dixemos?.

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

2.- PREGUNTA.- En relación co contrato co Viravolta. A pesar de comprometerse como grupo de goberno, non fixeron nada para materializar o convenio con Viravolta. Que digan que os do PP non fixemos nada en Liñares é de traca. Nós perdemos as eleccións e puxemos a funcionar iso. Anos despois non se sabe nada, tres anos despois, do contrato e da reforma. ¿Como está o contrato con Viravolta tres anos despois?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

3.- PREGUNTA.- Atopei un responsable de Viravolta na rúa. Non sei se era o máximo responsable. Pregunteille ¿como estades no Pazo de Liñares?. Respondeu dicindo que había un proxecto museográfico e museolóxico. ¿En que

términos está?.

Díxome o de Viravolta que non saben. Dixo que un día fora unha persoa a falar con ela, preguntándolle cousas de perogrullo.

¿Quen é esa persoa que lle preguntou?. ¿Alguén de fora?. ¿Tiña apalabrado con alguén para facer o proxecto e ao final calou?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

4.- **PREGUNTA.**- Hai un ano preguntamos ao Alcalde se tiñamos unha brigada permanente para o río Pontiñas. Díxose que había unha brigada, pero era con cargo aos fondos do Plan Concellos e non aos nosos. Nós negamos que fose permanente.

Temos sobre isto un debate a semana que ven.

Esa brigada estaba formada por operarios contratados por persoal do Plan Concellos da Deputación. Pero cando cumpran o prazo iranse.

¿Que pasará cando non os manden, cando o plan non exista?

Lembrou que ese sistema foi unha creación de Louzán cando era Presidente.

Vós seguistes con el, pero hai que ver o que pasa.

¿Non existe esa brigada permanente?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio:** Xa dígolle que si. No dicionario da RAE permanencia refírese a tempo e lugar. Non fale de permanencia. Mentres este goberno estea gobernando e haxa Plan Concellos, teremos unha brigada específica, a que vostede non tiveron.

Vexo que vai vir o Conselleiro de Sanidade a Lalín. Como parece ser que vostede ten máis facilidade para falar con el dígalle que estou desexando velo en Lalín.

**D. Xosé Crespo Iglesias:** Vaino ter aquí e traerá boas novas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio:** A min non me recibe. Ti tes máis facilidades para falar con el.

**D. Xosé Crespo Iglesias:** Encárgame iso.

**D. Xosé Crespo Iglesias:** Aproveitando a coincidencia. Enténdeo mal. Tivemos a reunión hai un ano á que fomos Eva e eu. A partir desa reunión, cando coincida, cando tomamos un café ou cando acabamos unha xunta directiva, falamos. Coincido en reunións do partido con el, lémbrolle todo. Como vai o noso, e que non se esqueza.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É grave. Iso demostra como tratan as cousas, como tratan este temas nos órganos do PP. Quero que apareza e que polo menos me escoite. ¿Esas son as vosas xestións? Agradezo que veña a Lalín. A min o que me interesa é a sanidade dos lalinenses. Vaime escoitar.

**D. Xosé Crespo Iglesias:** Non. É mala praxis.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O goberno de Lalín non ten ningunha información



ao respecto.

5.- PREGUNTA.- ¿Como van facer para que os alumnos matriculados en trompa e trompeta non perdan o actual curso académico?.

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

**D. Juan José Cruz García.**

1.- PREGUNTA.- ¿É que non hai empresas locais capacidade legal para executar as obras de instalación da caldeira no Auditorio de Muimenta e para a construción a ponte en Bustelos?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- O Sr. Alcalde ¿está a favor ou en contra da competición da caza do Zorro?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.- En non teño trinta mil euros. Se mos pide, ¿pode ou quere que lle dea trinta mil euros en B?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Di que prefire en A. Se gaña a demanda interposta, doará eses trinta mil euros á planta oncolóxica infantil do CHUS. O avogado págao el.

4.- PREGUNTA.- O PSOE denunciou algunha vez ilegalidades en materia de contratación de persoal ao PP. ¿O PSOE nunca acusou de ilegalidade ou de enchufismo, de meter aos amigos?.

¿Entrou a traballar neste Concello unha persoa que se chama Maruxa Aller Gude? Pode aclarar os seus apelidos e se é irmá de Ramón Aller Gude, do Ramón pequeno en facebook; moi pequeno, un pequeno covarde no tema das aceras de Lalín.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Está vostede insultando a un veciño, a unha persoa de Lalín.

**D. Juan José Cruz García.** Estou preguntando. Pregunto se esa persoa é ou non é covarde e un veciño.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Non dixo iso.

5.- PREGUNTA.- ¿É certo que unha persoa que é a súa muller que se chama Mirta Vidal entrou en 2015 a traballar no Concello?

**O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

6.- PREGUNTA.- ¿Contratades aos avogados que lle fan o traballo ao Sr. Baltar en Ourense?. ¿Non traballará máis en Ourense que aquí?. ¿Fixo algo da RPT?

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Xa se verá.

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

E, sendo as **catorce horas e oito minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.  
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.  
César López Arribas